



PROXECTO DE ORIENTACIÓN PRODUTIVA

**PARA A POSTA EN VALOR DE TERREOS:
ALDEA MODELO DE PARADA DE MONTES
[TERMO MUNICIPAL DE A POBRA DO BROLLÓN]**

INDICE

1. ANTECEDENTES.....	3
2. AXENTES PARTICIPANTES.....	4
3. DESCRICIÓN E LOCALIZACIÓN DO ÁMBITO	6
4. XUSTIFICACIÓN DA ELECCIÓN COMO ALDEA MODELO.....	8
4.1. OPORTUNIDADES IDENTIFICADAS NA VISITA A CAMPO.....	8
4.2. DIFICULTADES ATOPADAS NA VISITA A CAMPO	8
5. ANÁLISE SOCIOECONÓMICO	9
6. ANÁLISE PREVIO DA ZONA DE ACTUACIÓN.....	11
6.1. ANÁLISE SIMPLIFICADO	11
6.2. CARACTERIZACIÓN CLIMÁTICA	12
6.2.1. Números de días de xeadas anual (media 2002-2012)	16
6.2.2. Probabilidade de xeadas anual (media 2002-2012).....	16
6.2.3. Data da primeira xeadas (media 2002-2012)	17
6.2.4. Data da derradeira xeadas (media 2002-2012).....	17
6.2.5. Horas de frío – Media anual (media 2002-2012). $T^a_{umbral} = 7^{\circ}C$	18
6.2.6. Horas de frío – Media anual (media 2002-2012). $T^a_{umbral} = 0^{\circ}C$	18
6.2.7. Horas de frío – Media anual (media 2002-2012). $T^a_{umbral} = -2^{\circ}C$	19
6.3. MAPA FORESTAL.....	19
6.4. MAPA DE CULTIVOS E APROVEITAMENTOS	21
6.5. CLASIFICACIÓN URBANÍSTICA DOS TERREOS	22
6.6. ANÁLISE HISTÓRICO.....	24
7. CAPACIDADE PRODUCTIVA DOS TERREOS	27
8. CARACTERIZACIÓN FÍSICA DOS TERREOS	33
9. CARACTERIZACIÓN DA PROPIEDAD DOS TERREOS	36
10. CARACTERIZACIÓN AMBIENTAL.....	38
11. CARACTERIZACIÓN PATRIMONIAL.....	57
12. ESTADO ACTUAL	61
13. CARACTERIZACIÓN VISUAL DA SITUACIÓN ACTUAL	65
14. PROPOSTA PARA A ORIENTACIÓN PRODUCTIVA DOS TERREOS.....	67
14.1. CARACTERIZACIÓN DOS TIPOS DE CULTIVO ANALIZADOS.....	67

1. ANTECEDENTES

O abandono de terras agrarias constitúe un fenómeno de importancia crecente na estrutura agraria de Galicia. Segundo diversos autores, a superficie de terras en abandono acada cifras xa semellantes á de terras en cultivo, e o incremento dos abandonos resulta superior ás 50.000 ha nos últimos 15 anos. Moitas desas terras en situación de abandono presentan boas ou moi boas condicións agronómicas para o cultivo.

Unha derivada desta situación, que a ninguén se lle escapa, é a relación destas condicións de abandono coas dificultades na loita contra os lumes. E resulta paradoxal a coexistencia deste volume de terras de cultivo en abandono coa crecente necesidade das explotacións de acadar incrementos na súa base territorial.

Conscientes deste problema, o Goberno de Galicia está disposto a arbitrar medidas para loitar contra o abandono das terras agrarias e, na medida do posible, reverter a situación, achegando novas terras de cultivo ás explotacións para reducir a dependencia de fontes de recursos de orixe exterior.

Na *Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas*, realízase a modificación da *Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras*, para completar a listaxe de definicións e, especialmente, para introducir un novo artigo relativo ao fomento da mobilización de terras a través do programa de aldeas modelo, deseñado como un sistema para recuperar e poñer en valor as terras circundantes a núcleos de poboación, incluíndo total ou parcialmente as súas faixas secundarias de protección de biomasa, coa finalidade de recuperar a capacidade agronómica do perímetro do proxecto, a súa rehabilitación e recuperación arquitectónica e urbanística e a promoción do emprego e a dinamización socioeconómica.

O artigo 18.2.1., establece que:” [...] A consellaría competente en materia do medio rural, a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, promoverá, por iniciativa e en colaboración cos respectivos concellos, a realización de actuacións integradas co obxectivo de fomentar a mobilización de terras a través de proxectos de aldeas modelo, consistentes na recuperación e posta en valor das terras circundantes a núcleos de poboación, incluíndo total ou parcialmente as súas faixas secundarias de xestión de biomasa.[...]”.

O concepto de aldea modelo xorde do convenio firmado entre a Consellería do Medio Rural, a Fegamp e a empresa pública SEAGA para a limpeza das franxas de seguridade das aldeas de Galicia. Son aquelas aldeas nas que se implanta o sistema público de limpeza das franxas sempre que exista o compromiso dos propietarios da implantación de actividade agro gandeira nestas franxas.

Este convenio, firmado en agosto do ano 2018, ten como obxecto principal a implantación dun sistema público de limpeza das franxas, no que a limpeza se leva a cabo pola empresa pública SEAGA.

O procedemento é aberto, require do compromiso dos propietarios pero tamén da implicación dos alcaldes. O proceso iníciase cunha solicitude por parte do Concello, que debe de contar cun apoio maioritario dos veciños da aldea en cuestión, polo menos do 70% dos propietarios. O compromiso que terán que asumir os propietarios é o de cesión ou arrendamento para actividade agro gandeira durante un período mínimo de cinco anos.

Para acadar os obxectivos propostos, elabóranse os proxectos de actuación para a posta en valor de terreos nas aldeas modelo de Galicia, consistentes en actuacións espalladas en diferentes áreas xeográficas e sectores produtivos, todos eles cunhas características comúns:

1. A única maneira de que as terras que están actualmente en situación de abandono recuperen a súa actividade, pasa por ser postas de novo en cultivo; de nada serviría investir esforzos na mellora da rede viaria, na limpeza, roza e posta de terras en cultivo se, por falta de persoas agricultoras, ao cabo de pouco tempo as terras recuperaran a situación de abandono.
2. Cómpre que as persoas titulares dos predios (individuais ou colectivas) sexan conscientes desa situación e estean interesadas na incorporación das súas parcelas ao proxecto.
3. Resulta igualmente necesaria a existencia de axentes (produtores individuais, empresas, cooperativas,...) capaces de asegurar unha posta en produción viable e sostible.

O sistema de xestión das terras, unha vez recuperadas, será a incorporación ao Banco de Terras e o seu arrendamento baixo a figura do arrendamento pactado que figura na lei de mobilidade, e que permite un arrendamento rápido e con condición de prezo e prazo conformes cos intereses das dúas partes.

2. AXENTES PARTICIPANTES

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), créase pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, como un ente de dereito público dos previstos no artigo 12.1 b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado por Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro (artigo derogado pola disposición derogatoria 1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, no sucesivo “LOFAXGA”).

É unha Axencia pública autonómica da Comunidade Autónoma de Galicia das previstas no artigo 45.a) da LOFAXGA, e ten a condición de entidade pública instrumental do sector público autonómico e de medio propio e servizo técnico da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia de conformidade co disposto no artigo 45.a) en relación co artigo 47 da LOFAXGA. Ten a condición de poder adxudicador de conformidade co art.3.3.b) do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (en diante “TRLCSP”), e ten a consideración de Administración Pública aos efectos da citada lei de conformidade co artigo 3.2.e). Da disposición adicional

terceira da LOFAXGA derívase que as normas de organización e funcionamento da Agader deberán adecuarse ao disposto nesta lei para as axencias públicas autonómicas.

A Consellería ou o departamento ao que está adscrita a Agader e a Consellería do Medio Rural, en virtude do artigo 9.b).2 do Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 239, do 16-12-2016).


A disposición transitoria segunda da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras (DOG núm. 206, do 26-11-2011), atribúe o exercicio das funcións xestoras do Banco de Terras de Galicia a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), de conformidade co disposto na disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, na súa redacción dada pola disposición derradeira terceira da Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Ditas funcións xestoras son exercidas pola Agader dende o día 15/11/2011, data de entrada en vigor da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de Terras, de conformidade co artigo 34.4 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, sobre dos predios integrantes da masa común que cualifique como de aptos para os seus fins, así como daqueles aos que fai referencia o artigo 5.1.b) da Lei 6/2011, do 13 de outubro, de mobilidade de terras.

Así mesmo, as funcións correspondentes á competencia para a xestión do Banco de Terras de Galicia inclúen (artigo 9 da Lei 6/2011): a) Xestionar os predios con vocación agraria incorporados ao Banco de Terras de Galicia. b) Promover a xestión sustentable de terras, facilitando a reforma das estruturas rurais, especialmente nos espazos agrarios, e posibilitando unha utilización axeitada dos predios con vocación agraria. c) O servizo de mobilización e transmisión das terras mediante calquera negocio xurídico válido en dereito respecto dos predios con vocación agraria procedentes de explotacións nas que cesase anticipadamente a persoa titular, sen seren cedidas a terceiras persoas. d) Realizar traballos de depuración física e xurídica dos predios con vocación agraria cando sexa necesario ou simplemente conveniente para acadar a incorporación dos mesmos ao Banco de Terras de Galicia ou a cesión dos xa incorporados, coas debidas garantías xurídicas (...).

3. DESCRICIÓN E LOCALIZACIÓN DO ÁMBITO

O termo municipal de A Pobra do Brollón atópase enmarcado dentro da comarca de Terra de Lemos, sita ao sur da provincia de Lugo e ao norte dos canóns do Sil; forma parte da zona da Ribeira Sacra, zona recoñecida pola súa calidade do viño con denominación de orixe propia. É unha comarca con aptitude para a gandería, agricultura, actividade forestal e para o cultivo da vide. A comarca conta con zonas de gran riqueza paisaxística, como poden ser os canóns do Sil, as Ribeiras do Miño e no seu límite leste, a Serra dos Ancares.



Imaxe 1. Localización do ámbito de actuación con respecto á comarca de Delimitación da Comarca de Terra de Lemos

O municipio de Pobra de Brollón limita ao oeste, cos termos municipais de Bóveda e Monforte de Lemos; ao sur, con Ribas de Sil; ao leste, con Folgoso do Courel e Quiroga e ao norte, con O Incio.

A súa extensión é de 176,7 Km², situándose ó norte do río Sil que baña as súas terras ao carón do encoro de Santo Estevo, e ó oeste do río Lor, aínda que tamén transcorre por este Concello o río de Loureiro, río Saá e río Cabe, entre outros.

O municipio posúe unha poboación de 1.648 habitantes e está conformado por 22 parroquias: Barxa de Lor (Santa Mariña), Abrence (San Xoan), Canedo (San Miguel), Castroncelos (Santiago), Castrosante (Santa Mariña), Cereixa (San Pedro), Eixón (San Xurxo), Ferreiros (San Salvador), A Ferreirúa (San Martiño), Fornelas (Santa Comba), Lamaigreja (San Pedro), Liñares (San Cosme), Óutara (Santa María), Parada dos Montes (Santa Einés), Pinel (Santa María), Piño


(Santa María), A Pobra de Brollón (San Pedro), Santalla de Rei (Santalla), Saa (Santa María), Salcedo (San Xoán), Veiga (San Xián) e Vilachá (San Mamede).

É unha terra caracterizada por ser unha das concas terciarias de Galicia coñecida co nome de Depresión de Monforte estando regada por unha densa rede fluvial; rodean a zona dous grandes ríos como son o Miño e o Sil entre outros.

Dende o punto de vista climático, a zona presenta un clima oceánico continental con influencias mediterráneas e unha temperatura media anual en torno aos 14 grados centígrados. Esta temperatura sofre grandes variacións ao longo do ano que van dende os -7 grados de inverno ata os 40 grados de verán. En canto a pluviosidade é unha das zonas galegas con menos precipitacións sobre todo no período estival, polo que no verán sofre un dos déficits hídricos máis acusados de Galicia.

Os solos da comarca de Terra de Lemos caracterízanse por estar formados maioritariamente por lousas, existe tamén presenza de cuarcitas e puntualmente atopamos calcarias. Os seus elevados contidos en area, sobre todo no horizonte superficial, contrastan co escaso contido en arxila, por baixo do 20%. Normalmente son solos de reacción ácida, moi pobres en materia orgánica e cun contido en calcio que tende a ser baixo.

A zona proposta como aldea modelo atópase na parroquia de Santa Einés de Parada dos Montes, consiste nunha superficie de aproximadamente 15,5 ha, na contorna do núcleo rural tradicional.



Imaxe 2. Perímetro do proxecto.

4. XUSTIFICACIÓN DA ELECCIÓN COMO ALDEA MODELO

O lugar de Parada dos Montes, en A Pobra do Brollón, selecciónase como aldea modelo polas seguintes características:

1. Entidade menor de poboación con alto índice de abandono de terreos.
2. Baixa densidade de poboación e cunha media de idade avanzada.
3. Terreos con alto risco de lume forestal.
4. Terreos con alto potencial agroforestal.
5. Zonas con alto valor patrimonial e medioambiental a protexer.

4.1. OPORTUNIDADES IDENTIFICADAS NA VISITA A CAMPO

Na visita realizada a campo identifícanse as seguintes oportunidades:

1. Alta colaboración por parte da administración local e da veciñanza.
2. Zona incluída na denominación de orixe da Ribeira Sacra, con vides na contorna do perímetro delimitado.
3. Zonas de alto valor ecolóxico (masas de frondosas consolidadas, principalmente soutos).
4. Explotacións gandeiras locais.

4.2. DIFICULTADES ATOPADAS NA VISITA A CAMPO

Na visita realizada a campo identifícanse as seguintes dificultades/debilidades:


1. Alto grao de parcelamento da propiedade. Existencia de muros interiores de delimitación de predios.
2. Dificultade de mobilidade entre predios, principalmente problemas de acceso ao núcleo. Falta de vías de comunicación interiores para dar bo acceso as parcelas.
3. Aldea con pouca poboación, e pouco aproveitamento dos terreos próximos ás vivendas. Con alto grao de abandono das edificacións.
4. Ampla superficie poboada por especies invasoras de difícil erradicación (mimosas).
5. Zonas con pendente que dificultan o traballo, requirindo a execución manual de moitas actuacións.
6. Problemas de accesibilidade aos predios.




Imaxe 3. Plantas invasoras (mimosas) na Aldea Modelo de Parada dos Montes

5. ANÁLISE SOCIOECONÓMICO

A concentración da poboación sobre o territorio no século XX é un feito xeneralizado a nivel nacional e autonómico, no caso da provincia de Lugo tamén é observable, tal e como se observa nas figuras seguintes:




Imaxe 4. Termos municipais segundo número de habitantes.
1981



Imaxe 5. Termos municipais segundo número de habitantes.
2019
Fonte: IGE

A imaxe de 2019 mostra o clareado de moitos territorios asociados a diminución do volume de poboación, e en paralelo o escurecemento duns poucos entre os que se atopa a capital. Nos cadros seguintes obsérvase como a poboación se foi concentrando nun número limitado de termos municipais nos últimos anos, sobre todo na capital.

	1981	2019
27028 Lugo	72.574	98.276
27017 Folgoso do Courel	2.457	1.024
27050 Quiroga	5.813	3.207
27024 Incio, O	4.155	1.570
27057 Sarria	12.101	13.330
27031 Monforte de Lemos	20.257	18.433
27047 Pobra do Brollón, A	3.341	1.648
27058 Saviñao, O	7.575	3.735
27059 Sober	5.276	2.312



Táboa 1. Evolución da poboación por termos municipais. Lugo 1981-2019
Fonte: IGE

A evolución da poboación no termo municipal decreceu nos últimos anos, como se ve na seguinte táboa:

	1999			2009			2019		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
TOTAL	2.675	1.300	1.375	2.105	1.034	1.071	1.648	815	833

Táboa 2. Padrón municipal de habitantes
Fonte INE, 2020

Nos derradeiros datos publicados a nivel de parroquia (ano 2001) podía observarse que a parroquia de A Pobra de Brollón (San Pedro) era unha das máis poboadas do termo municipal con 295 habitantes.

O que indicaban os datos no seu momento era un alto índice de poboación de máis de 65 anos (35,60 %), considérase que tendo en conta a evolución dos últimos anos da poboación galega, esta cifra incrementouse considerablemente.

PARROQUIA	Poboación			% de poboación		
	Total	Homes	Mulleres	< 16 anos	16 - 64 anos	> 65 anos
BARXA DE LOR (SANTA MARIÑA)	63	31	32	7,9	63,5	28,6
ABRENCE (SAN XOÁN)	144	66	78	7,6	50	42,4
CANEDO (SAN MIGUEL)	103	49	54	4,9	58,3	36,9
CASTRONCELOS (SANTIAGO)	209	97	112	7,2	47,4	45,5
CASTROSANTE (SANTA MARIÑA)	44	27	17	6,8	45,5	47,7
CEREIXA (SAN PEDRO)	189	94	95	7,4	54,5	38,1
EIXÓN (SAN XURXO)	88	42	46	4,5	58	37,5
FERREIROS (SAN SALVADOR)	83	44	39	4,8	48,2	47
A FERREIRÚA (SAN MARTÍÑO)	218	106	112	10,1	48,6	41,3
FORNELAS (SANTA COMBA)	110	56	54	1,8	49,1	49,1
LAMAIGREXA (SAN PEDRO)	146	72	74	8,9	45,9	45,2
LIÑARES (SAN COSME)	43	21	22	4,7	46,5	48,8

PARROQUIA	Poboación			% de poboación		
	Total	Homes	Mulleres	< 16 anos	16 - 64 anos	> 65 anos
ÓUTARA (SANTA MARÍA)	48	24	24	2,1	54,2	43,8
PARADA DOS MONTES (STA. EINÉS)	43	23	20	2,3	53,5	44,2
PINEL (SANTA MARÍA)	28	14	14	3,6	50	46,4
PIÑO (SANTA MARÍA)	135	69	66	6,7	41,5	51,9
A POBRA DO BROLLÓN (S. PEDRO)	295	138	157	5,4	59	35,6
SANTALLA DE REI (SANTALLA)	50	23	27	8	40	52
SAA (SANTA MARÍA)	167	74	93	9,6	54,5	35,9
SALCEDO (SAN XOÁN)	211	104	107	8,1	48,3	43,6
VEIGA (SAN XIÁN)	44	20	24	13,6	47,7	38,6
VILACHÁ (SAN MAMEDE)	96	52	44	2,1	45,8	52,1

Táboa 3. Censo de poboación e vivendas. Ano 2.001

Fonte INE

Da análise de datos parroquiais conclúese que existe un alto grao de dispersión da poboación, existindo unha gran diferenza entre a parroquia máis poboada, A Pobra de Brollón (San Pedro) con 295 habitantes e a menos poboada, Santa María de Pinel con 28 habitantes.

6. ANÁLISE PREVIO DA ZONA DE ACTUACIÓN


6.1. ANÁLISE SIMPLIFICADO

- DESCRICIÓN XERAL DA ZONA: Zona de cultivos de vide en secaño, terras de labor de secaño e asociación de coníferas e frondosas.
- CARACTERIZACIÓN DA PROPIEDAD:
 - Superficie: 15,5 Ha.
 - Nº parcelas catastrais: 293.
- ALTITUDE MEDIA DA PARROQUIA: 714 metros.
- CLASIFICACIÓN XEOLÓXICA: Macizo Hespérico (Zona III Centroibérica).
- CLASIFICACIÓN CLIMÁTICA: dominio climático oceánico hiperhúmido.
- AFECCIÓN SECTORIAL:
 - AUGAS: Existe una pequena zona do perímetro afectada por zona de policía de canles na zona nordeste. Esta é ocasionada polos ríos Rego da Lata e Regueiro de Cornán.
 - PROPIEDAD: Zonas con posible afección por parte do MVMC Parada, Couso e Río de Bois (Exp 8/75; ID: 944).
 - PATRIMONIO: “Ermida de Ferreirúa. Parada dos Montes”, “Ermida do Carballal. Parada dos Montes” e “Igrexa parroquial de Parada dos Montes. Santa Einés” nomeados de norte a sur.
 - ESPAZOS NATURAIS:
 - ZEPVN-ZEC Ancares-Courel.
 - Na área de afección do:
 - Plan de xestión do lobo (Zona 1).
 - Plan de recuperación do sapoconcho común.

6.2. CARACTERIZACIÓN CLIMÁTICA

A situación do termo municipal de A Pobra de Brollón, ó sur da provincia de Lugo, no interior de Galicia, é unha área de contrastes entre a alta montaña e un val pechado e illado.

O seu clima clasifícase como cálido e temperado. A choiva cae sobre todo en inverno, con pouca choiva en verán. As temperaturas son máis altas en agosto, mentres que mes máis frío do ano é xaneiro.



Imaxe 6. Temperaturas medias anuais (°C)

Na Pobra do Brollón a diferenza das precipitacións entre os meses máis secos e os máis chuviosos é de 99 mm. Ó longo do ano, a variación de temperatura é entón de 14,4°C; non superior ós 26,5°C, temperatura máxima acadada no verán, nin inferiores a 2,4°C temperatura mínima acadada no inverno. O mes máis caloroso do ano é agosto, cunha temperatura media de 20,7°C e o mes máis frío é xaneiro, cunha media de 6,3°C.

	Enero	Febrero	Marzo	Abril	Mayo	Junio	Julio	Agosto	Septiembre	Octubre	Noviembre	Diciembre
Temperatura media (°C)	4.9	6.3	8.2	9.5	12.6	16.1	18.6	18.9	16.2	12.2	7.5	5.3
Temperatura mín. (°C)	1.1	2.2	4.1	4.9	7.8	10.7	12.9	13.1	11	7.8	3.5	1.6
Temperatura máx. (°C)	8.7	10.4	12.4	14.2	17.5	21.6	24.4	24.8	21.5	16.6	11.5	9
Precipitación (mm)	117	111	97	80	77	52	28	32	63	100	127	138


Táboa 4. Caracterización climática de A Pobra do Brollón (1982 – 2012)

Para coñecer de maneira aproximada a incidencia das xeadas na zona estudada, utilizouse o método de Carballeira et al. (1983) ós datos termotérmicos das estacións dispoñibles. En conxunto, as estacións estudadas están dentro da nomeada “Galicia interior”, caracterizada por un período sen xeadas comprendidos entre os 160 e os 280 días.

A partir dos datos obtidos, pódese establecer que, aínda que existe unha certa correlación inversa entre os días sen xeadas e a altitude, a configuración topográfica local pode modificar moito esta tendencia, xa que nos vales de altitude similar cunha morfoloxía favorable para as manifestacións de fenómenos de inversión térmica están máis afectadas polas xeadas que os que son máis propicios para a circulación de masas de aire.

Tendo en conta os valores rexistrados nas estacións situadas a maiores altitudes, con 200 días ou menos libres de xeadas, pódese supoñer que os sectores de cume das principais montañas de Os Ancares – O Courel, están dentro da categoría de “Alta Montaña” caracterizada por ter menos de 160 días libres deste fenómeno ó ano (Carballeira et al. 1983).

A pluviosidade non é moi elevada, aínda que esta precipitación é de forma suave pero continua co cal, os procesos erosivos que poderían ocasionar o efecto de arroiada das augas, son pequenos; non así a súa acción de alteración, polo que chegan a disgregar grandes cantidades de rochas. A pesar diso, en épocas invernales pódese presentar algún pico de precipitacións que provocan grandes avenidas.




Gráfica 1. Climodiagrama de A Pobra do Brollón

Para a estimación das precipitacións totais diarias correspondentes ós distintos períodos de retorno considerados, utilizouse a metodoloxía recollida na publicación “Máximas choivas diarias na España Peninsular” da Dirección Xeral de Estradas do Ministerio de Fomento, baseada na aplicación de modelos estatísticos ás series anuais de máximas choivas diarias recollidas en estacións pluviométricas con 30 ou máis anos de rexistro agrupadas en rexións con características meteorolóxicas comúns e comparouse cun estudo estatístico das series de precipitacións máximas anuais, realizando un contraste con estacións pluviométricas próximas, obtendo os valores extremos por medio das distribucións de Gumbel e SQRT ET-max.; adoptando finalmente, o maior valor dos obtidos.

O clima da provincia de Lugo, como toda Galicia, pertence ó tipo oceánico, que se caracteriza en xeral, por temperaturas suaves todo o ano (con máximas, no verán e mínimas, no inverno) e precipitacións tamén durante todo o ano, con un máximo no inverno e un mínimo no verán. A posición do territorio de Lugo, e a existencia dun alto relevo, ofrece diferenzas carecendo doutra banda de homoxeneidade en toda a provincia. Basicamente, distínguense cinco variantes climáticas na provincia de Lugo:

- Oceánico húmido.
- Áreas de transición.
- Oceánico continental.
- Oceánico con matiz mediterráneo.
- Oceánico de montaña.



Imaxe 7. Caracterización climática.
Mapa das variantes climáticas en Galicia

O concello de A Pobra de Brollón enmárcase dentro de dúas variantes climáticas; na zona occidental, un clima oceánico con matiz mediterráneo, con temperaturas suaves, invernos fríos, abundantes xeadas e veráns calorosos e na zona oriental, un clima oceánico de montaña con temperaturas medias entorno ós 11°C. Forma parte das zonas máis secas de Galicia, cunha media de 2.000 horas de sol ó ano e as precipitacións cunha media de 889 mm.

Segundo o “Mapa de Vexetación Potencial” (Baseado en Rivas-Martínez, 1987, modificado), a vexetación potencial desta zona pertence á serie 9b; da rexión I: eurosiberiana; piso: C, colino. Serie montana orocantábrica e galaico-astur acidófila do carballo negro ou *Quercus pyrenaica*

(*Linario triornithophorae* - *Querceto pyrenaicae sigmetum*). Cerqueiros. Faciación típica montaña con *Erica aragonensis*.


Nombre de la serie	7a. Acidófila orocantábrica	9a. Acidófila cantabroeuksal-duna	9b. Acidófila orocantábrica y galaicoastur
Arbol dominante Nombre fitosociológico	<i>Betula celtiberica</i> <i>Luzulo henriquesii</i> - <i>Betuleto celtibericae sigmetum</i>	<i>Quercus pyrenaica</i> <i>Melampyro pratensis</i> - <i>Querceto pyrenaicae sigmetum</i>	<i>Quercus pyrenaica</i> <i>Linario triornithophorae</i> - <i>Querceto pyrenaicae sigmetum</i>
I I. Bosque	<i>Betula celtiberica</i> <i>Quercus petraea</i> <i>Luzula sylvatica</i> subsp. <i>henriquesii</i> <i>Saxifraga spathularis</i>	<i>Quercus pyrenaica</i> <i>Melampyrum pratense</i> <i>Holcus mollis</i> <i>Teucrium scorodonia</i>	<i>Quercus pyrenaica</i> <i>Linaria triornithophora</i> <i>Holcus mollis</i> <i>Physospermum cornubiense</i>
II. Matorral denso	<i>Genista obtusiramea</i> <i>Genista polygaliphylla</i> <i>Erica arborea</i> <i>Pteridium aquilinum</i>	<i>Erica arborea</i> <i>Pteridium aquilinum</i> <i>Cytisus scoparius</i> <i>Deschampsia flexuosa</i>	<i>Genista polygaliphylla</i> <i>Cytisus scoparius</i> <i>Adenocarpus complicatus</i> <i>Pteridium aquilinum</i>
III. Matorral degradado	<i>Erica aragonensis</i> <i>Scorzonera humilis</i> <i>Daboecia cantabrica</i> <i>Halimium alyssoides</i>	<i>Daboecia cantabrica</i> <i>Erica aragonensis</i> <i>Erica vagans</i> <i>Erica cinerea</i>	<i>Erica aragonensis</i> <i>Genistella tridentata</i> <i>Daboecia cantabrica</i> <i>Luzula laclea</i>
IV. Pastizales	<i>Agrostis duriei</i> <i>Avenula sulcata</i> <i>Galium saxatile</i>	<i>Sieglingia decumbens</i> <i>Jasione montana</i> <i>Polygala vulgaris</i>	<i>Agrostis capillaris</i> <i>Agrostis duriei</i> <i>Sedum pyrenaicum</i>

Táboa 5. Etapas de regresión e bioindicadores. Series 7a, 9a e 9b. Robledais orocantabricos montanos

A serie montana orocantábrica e galaico-astur acidófila do carballo negro (*Quercus pyrenaica*) ocupa amplos territorios, tanto na vertente meridional e setentrional da Cordilleira Cantábrica como na Galicia eurosiberiana máis continental (Ancares e Courel). A serie estable é un bosque denso de talla mediana (*Linario triornithophorae-Quercetum pyrenaicae*), no que domina o carballo negro (*Quercus pyrenaica*), aínda así en algún territorios, sobre todo nos fríos e chuviosos, pode estar acompañado de outros carballos, moitos deles híbridróxenos (*Quercus Robur*, *Quercus petraea*, *Q. x rosacea* = *Q. Robur x petraea*, *Q. x legionensis* = *Q. Petraea x pyrenaica*, *Q. X andegavensis* = *Q. Robur x pyrenaica*), que ás veces conseguen ser preponderantes. Nestas carballeiras, existen os vexetais esciófilos de areal ibérico-occidental como: *Saxifraga spathularis*, *Luzula sylvatica* subs. *Henriquesii*, *Anemone trifolia* subsp. *Albida*, *Aquilegia dichroa*, *Linaria triornithophora*, *Omphalodes nitida*, etc.

6.2.1. Números de días de xeadá anual (media 2002-2012)


Número medio de días de xeadá por ano:



Imaxe 8. Número de días de xeadá anual (media 2002-2012)

6.2.2. Probabilidade de xeadá anual (media 2002-2012)


Probabilidade de que ocorra unha xeadá nun ano:



Imaxe 9. Probabilidade de xeadá anual (media 2002-2012)

6.2.3. Data da primeira xeadá (media 2002-2012)


Data da primeira xeadá anual (ou a máis temperá) nos dez anos agrícolas considerados:



Imaxe 10. Data da primeira xeadá (media 2002-2012)

6.2.4. Data da derradeira xeadá (media 2002-2012)


Data da derradeira xeadá anual (ou a máis temperá) nos dez anos agrícolas considerados:



Imaxe 11. Data da derradeira xeadá (media 2002-2012)

6.2.5. Horas de frío – Media anual (media 2002-2012). $T_{\text{umbral}} = 7^{\circ}\text{C}$


Número medio de horas de frío nun ano. Para o cálculo de horas de frío, considerouse unha temperatura umbral de 7°C .



Imaxe 12. Horas de frío – Media anual (media 2002-2012). $T_{\text{umbral}}=7^{\circ}\text{C}$

6.2.6. Horas de frío – Media anual (media 2002-2012). $T_{\text{umbral}} = 0^{\circ}\text{C}$


Número medio de horas de frío nun ano. Para o cálculo considerouse (tívoise en conta) unha temperaturas umbral de 0°C .



Imaxe 13. Horas de frío – Media anual (media 2002-2012). $T_{\text{umbral}}=0^{\circ}\text{C}$

6.2.7. Horas de frío – Media anual (media 2002-2012). $T_{\text{umbral}} = -2^{\circ}\text{C}$

Número medio de horas de frío nun ano. Para o cálculo considerouse (tívoise en conta) unha temperaturas umbral de -2°C .



Imaxe 14. Horas de frío – Media anual (media 2002-2012). $T_{\text{umbral}} = -2^{\circ}\text{C}$


6.3. MAPA FORESTAL

O Mapa Forestal de España a escala 1:50.000 (MFE50) é a cartografía da situación das masas forestais, realizada desde o Banco de Datos da Natureza, seguindo un modelo conceptual de usos do solo xerarquizados, desenvolvidos nas clases forestais, especialmente nos arboredos.

A base de datos componse dunha serie de campos que describen a ecoloxía e estrutura das masas. Dentro do uso forestal arborado contémpanse ata tres especies diferentes, cada unha co seu estado de desenvolvemento (repoboado, monte bravo, latizal e fustal), ocupación (porcentaxe que a especie ocupa no total das árbores) e a fracción de cabida cuberta para o total do arborado (porcentaxe de solo cuberto pola proxección horizontal das copas das árbores).

Neste caso, na área de estudo atópase unha gran área dedicada a bosques con formación arborada de castaños (*Castanea sativa*) e presencias puntuais de piñeiro (*P. Pinaster* e *P. radiata*), na superficie restante atopamos dedicación agrícola.

Mapa Forestal de España	
Provincia	Lugo
Uso del suelo	Arbolado
Tipo estructural	Bosque
Formación arbolada	Castañares (Castanea sativa)
Tipo de bosque predominante	F
Especie principal	Castanea sativa
Estado	Fustal
Ocupación	7%
Segunda especie presente	Pinus pinaster
Estado segunda especie	Fustal
Ocupación segunda especie	1%
Tercera especie presente	Pinus radiata
Estado tercera especie	Fustal
Ocupación tercera especie	1%
Fracción de cabida cubierta total	100%
Fracción de cabida arbórea	70%
Distribución	Uniforme




Imaxe 15. Tipos estruturais. Mapa Forestal.

6.4. MAPA DE CULTIVOS E APROVEITAMENTOS

O Mapa de Cultivos e Aproveitamentos de España a escala 1:50.000 dos anos 2000-2010, xerado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA), corresponde a unha cartografía a nivel nacional sobre os usos e aproveitamentos do solo. Este mapa é a actualización da anterior versión do Mapa de Cultivos e Aproveitamento (MCA) dos anos 1980-1990. Nesta cartografía delimitanse e describen os cultivos e aproveitamentos do solo de todo o territorio nacional, mediante o emprego de códigos, que se agrupan en usos e sobrecargas.

Esta cartografía é básica para o desenvolvemento de estudos agronómicos, ambientais e de deseño de infraestruturas, permitindo obter información xeorreferenciada e alfanumérica, co nivel de detalle que se desexe e limitada a calquera división administrativa (municipios, provincias, CCAA e nacional).



Imaxe 16. Cultivos e aproveitamentos da zona de estudo. Mapa de cultivos e aproveitamentos.

6.5. CLASIFICACIÓN URBANÍSTICA DOS TERREOS


A Pobra de Brollón é un municipio que carece de Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM); atendendo a Disposición transitoria primeira da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia*, a partir de agora LSG, no seu punto 4, establece que:

*“Nos municipios sen planeamento xeral aplicárase o réxime de **solo rústico** establecido nesta lei, coas seguintes particularidades:*

b) As delimitacións de núcleo rural manterán a súa vixencia.”

De acordo co *Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia*, tal e como establece no seu artigo 8.1:

“En virtude do seu carácter subsidiario, as determinacións do Plan básico autonómico serán aplicables con carácter vinculante nos concellos que carezan de plan xeral de ordenación municipal, ata que se doten del.”



Imaxe 17. Localización de actuación en Parada dos Montes sobre Folla:0156A-0605 do Plan Básico Autonómico

Tendo en conta no Plan Básico Autonómico, o capítulo X: Ordenanza de protección de solo rústico, no artigo 231, establece o seguinte:

“As condicións de uso son as que se regulan no artigo 50 do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, aprobado polo Decreto 143/2016, de 22 de setembro e o seu réxime o previsto no artigo 51 de dito regulamento.”

Así, nos artigos citados anteriormente do Decreto 143/2016, se establece o seguinte:

“Artigo 50. Usos e actividades en solo rústico.

1. Os usos e as actividades admisibles en solo rústico serán os seguintes:

a) Muros de contención, así como valados de predios (artigo 35.1.b) da LSG. A altura máxima dos muros de contención desde a cota de referencia será de tres metros, agás os supostos expresamente autorizados pola normativa sectorial. Os peches e valados de predios poden ser de diversos tipos, nas condicións indicadas no artigo 60.(...)

g) Construcións e instalacións agrícolas en xeral, tales como as destinadas ao apoio das explotacións hortícolas, almacéns agrícolas, talleres, garaxes, parques de maquinaria agrícola, viveiros e invernadoiros (artigo 35.1.g) da LSG).

Estas construcións e instalacións responderán ás características, dimensións e configuración propias do medio rural galego. En ningún caso poderán destinarse a uso residencial ou de recreo, polo que queda prohibido que contén con instalacións propias das vivendas.

h) Construcións e instalacións agrícolas destinadas ao apoio da gandería extensiva e intensiva, granxas, currais domésticos e establecementos en que se aloxen, manteñan ou críen animais, e instalacións apícolas (artigo 35.1.h) da LSG).

Estas construcións e instalacións responderán ás características, dimensións e configuración propias do medio rural galego. En ningún caso poderán destinarse a uso residencial ou de recreo, polo que queda prohibido que contén con instalacións propias das vivendas.

i) Construcións e instalacións forestais destinadas á xestión forestal e as de apoio á explotación forestal, así como as de defensa forestal, talleres, garaxes, e parques de maquinaria forestal (artigo 35.1.i) da LSG).

Estas construcións e instalacións responderán ás características, dimensións e configuración propias do medio rural galego. En ningún caso poderán destinarse a uso residencial ou de recreo, polo que queda prohibido que contén con instalacións propias das vivendas. (...).”

“Artigo 51. Réxime de usos

1. Os usos e as actividades relacionadas no artigo anterior son admisibles en calquera categoría de solo rústico, sen prexuízo do disposto nos instrumentos de ordenación do territorio e, se é o caso, logo da obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística (artigo 36.1 da LSG).

2. Nos terreos clasificados como solo rústico de especial protección poderán realizarse os usos, actividades e construcións enumeradas no artigo anterior, sempre que sexan permitidos pola correspondente lexislación sectorial, por resultar compatibles co réxime de especial protección.

En todo caso, no solo rústico de especial protección será necesario obter autorización ou informe favorable do órgano que teña competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal ou da autorización autonómica nos casos en que esta sexa preceptiva segundo o disposto no número seguinte (artigo 36.2 da LSG). Para efectos previstos neste artigo, a competencia para emitir a autorización ou informe favorable virá determinada en función da categoría de solo rústico obxecto de especial

protección que se trate. O prazo para a emisión do informe será de dous meses, transcorrido o cal, se entenderá emitido con carácter favorable.

No suposto que o órgano sectorial deba emitir informe ou autorización en virtude da súa propia normativa sectorial, poderá pronunciarse tamén para os efectos do previsto neste artigo.

Non obstante, no será preceptiva a emisión da autorización ou informe favorable a que se refire este número no caso de obras menores definidas no anexo I deste regulamento, agás norma sectorial que o exixa expresamente. (...).”

Por todo o anterior; consideraranse usos e actividades permitidas os valados de predios e instalacións e construcións destinadas ó apoio á explotación agrícola, gandeira e forestal; previa obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística e, no caso de solo rústico de especial protección, autorización ou informe favorable do órgano competente.

6.6. ANÁLISE HISTÓRICO

Para coñecer o uso tradicional dos terreos, realízase un estudo evolutivo do aproveitamento do medio rural mediante a análise das ortofotos existentes.

Para acreditar historicamente o aproveitamento dos terreos consultáronse as ortofotos históricas da fototeca dixital do Instituto Xeográfico Nacional, en estas imaxes constátase a existencia de actividade agraria e forestal en todo o perímetro definido como aldea modelo.

1. VOO AMERICANO (1956-57)



Imaxe 18. Imaxe histórica. Voo americano (1956-57)

2. ORTOFOTO ANO 2003



Imaxe 19. Imaxe histórica. PNOA 2003

3. ORTOFOTO ANO 2006



Imaxe 20. Imaxe histórica. PNOA 2006-2007

4. ORTOFOTO ANO 2009



Imaxe 21. Imaxe histórica. PNOA 2009

5. ORTOFOTO ANO 2014



Imaxe 22. Imaxe histórica. PNOA 2014

6. ORTOFOTO ANO 2017



Imaxe 23. Imaxe histórica. PNOA 2017


Da revisión evolutiva das diferentes ortofotos, podemos concluír que na ortofoto do ano 1956-57, identifícase claramente a zona aproveitada para o cultivo agrícola. Nos últimos anos existe unha progresión no abandono do cultivo das terras, incrementándose a superficie de herbais e matogueiras. Tamén se aprecia o incremento de superficie arborada en todo o ámbito do perímetro determinado como aldea modelo.

7. CAPACIDADE PRODUCTIVA DOS TERREOS

F. Díaz-Ferrol e F. Gil (1.984), a partir da base metodolóxica desenvolvida pola FAO, publicaron o Mapa de Capacidade Produtiva dos Solos de Galicia (MCPSG). Estaba pensado como unha contribución ó desenvolvemento agrario de Galicia para á vez achegaba unha cartografía dese territorio, susceptible dunha análise diacrónico a partir dos criterios históricos e arqueolóxicos.

O Mapa de Capacidade Produtiva dos Solos de Galicia, clasifica a terra seguindo as calidades que determinan o seu potencial produtivo. O resultado é unha división do territorio en unidades fisiográficas de calidades homoxéneas, identificadas cun código (ex. A M 74 S), onde a primeira letras identifica as calidades estruturais das terras, a segunda letra o sometemento ó risco de xeadas, o primeiro número ó réxime hídrico, o segundo á dispoñibilidade de nutrientes e a última letra á toxicidade do solo.

A primeira variable divide as calidades estruturais das terras en sete categorías (A-G) en función da pendente, a profundidade do solo, a cantidade de afloramentos rochosos e o risco de erosión. Este parámetro trata de avaliar as posibilidades de implantar unha agricultura mecanizada. Na aldea modelo de Parada dos Montes, identifícanse dúas tipoloxías de solos, tal e como se indica de seguido:



Imaxe 24. Clasificación das terras na zona de actuación no Mapa de Capacidade Produtiva dos Solos de Galicia

Coa clasificación de Díaz Fierros, seleccionáronse as tipoloxías de solo F e G:

- *Clase F: Solos que solo admitirían a utilización de maquinaria manual ou forestal. As limitacións débense tanto á gran abundancia de afloramentos rochosos como por pendentes demasiado empinadas. Normalmente con risco grave de erosión.*
- *Clase G: Solos que non soportarían ningún tipo de mecanización ou solos cuxa profundidade dificultaría a raíz de calquera especie vexetal. Risco de erosión variable.*

Clase	Pendiente %	Afloramientos %	Profundidad cm	Riesgo erosión
A	< 3	< 10	> 100	1-2
B	< 3 3-10	< 10 < 10	50-100 > 100	1-2 2-3
C	< 3 < 10 3-10	10-25 10-25 < 10	50-100 > 100 50-100	1-2 2-3 1-3
D	3-10 3-10 10-20	< 25 10-25 < 25	> 50 50-100 > 50	4 1-3 2-3
E	10-20 20-35 < 35	< 25 < 25 < 25	> 50 > 50 25-50	4 3-4 1-4
F	< 35 35-50	25-50 < 50	> 25 > 25	1-4 4
G	> 50	> 50	< 25	4

Táboa 6. Calidades estruturais da terra no Mapa de Capacidade Produtiva dos Solos de Galicia

O seu valor para estudar o uso da terra na antigüidade é que as principais características da mesma son “moi dificilmente modificable[s]” (Díaz-Ferros e Gil Sotro 1.984:

15) O campo galego foi obxecto dunha profunda transformación ó longo dos séculos.

As terras con demasiada pendente ou con solos pouco profundos foron adecuados coa construción de bancais e aterrazamentos e por medio de desmontes. Estas terras son clasificadas como tipo D (orixinal mellorado) e D (tipo E mellorado).

Segundo o réxime térmico establécense 5 categorías en función da duración da tempada de riscos de xeadas.

CLASES DE DURACIÓN DO PERIODO CON RISCO DE XEADAS	
CLASE L (Limoeiro)	Zonas onde o risco de xeadas é inferior ós 3 meses
CLASE M (Millo)	Zonas onde o risco de xeadas está comprendido entre os 3 e 6 meses
CLASE P (Pataca)	Zonas onde o risco de xeadas está comprendido entre os 6 e 7,5 meses
CLASE T (Trigo)	Zonas onde o risco de xeadas está comprendido entre o 7,5 e 9 meses
CLASE N (Nardus)	Zonas onde o risco de xeadas é superior ós 9 meses

Táboa 7. Clasificación do período con risco de xeadas no Mapa de Capacidade Produtiva dos Solos de Galicia.

A variable do réxime hídrico dos solos, avalíase a partir de 9 categorías. As terras con exceso de auga están entre 1 e 4 e as que presentan un déficit de precipitación, entre 5 e 9. A valoración das terras de acordo con réxime pluvial conta con 5 categorías, que clasifican os solos ben drenados segundo o número de días anuais con déficit de precipitación.

Clase	Régimen hídrico
Exceso de Agua	
1	Suelos tipo <i>marsh</i> , sumergidos permanente o casi permanentemente
2	Suelos tipo <i>gley</i> , suelos arcillosos sumergidos casi permanentemente, con la capa freática alta.
3	Suelos <i>pseudogley</i> , <i>anmoor</i> o pelosoles, con la capa freática alta, pero que desaparece en verano.
4	Suelos bien drenados
Días con déficit de precipitación	
5	< 30 días
6	30 - 60 días
7	60 - 90 días
8	90 - 120 días
9	> 120 días

Táboa 8. Clasificación do réxime hídrico no Mapa de Capacidade Produtiva dos Solos de Galicia

A dispoñibilidade de nutrientes da terra, considera outras 5 categorías segundo a presenza dos principais macronutrientes. O criterio de clasificación de MCPSG non se basea na mostraxe e análise dos solos, xa que na práctica habitual no campo galego, de incorporar nutrientes artificiais podería restar representatividade ó resultados. Considera a fertilidade potencial dependendo do tipo de solo, unha característica estrutural da terra que se pode proxectar sen problemas cara o pasado.

Só sinálase a toxicidade debida á salinidade (solos s) ou níquel (solos n).

Clase	Disponibilidade potencial de nutrientes
1	Suelos con disponibilidad óptima pH > 6,5 saturación > 75%
2	Suelos con disponibilidad buena pH > 5,5 saturación > 50%
3	Suelos derivados de rocas calizas y esquistos del complejo de Ordenes con disponibilidad moderada pH > 5 saturación 15 - 50%
4	Suelos derivados de rocas graníticas y esquistos con disponibilidad mala. pH 4,5 - 5 saturación 7 - 15%
5	Suelos derivados de areniscas, cuarcitas y materiales sedimentarios con disponibilidad muy deficiente. pH < 4,5 saturación < 7%

Táboa 9. Clasificación da dispoñibilidade de nutrientes no Mapa de Capacidade Produtiva dos Solos de Galicia

Para poder analizar a intensidade de produción segundo as características intrínsecas dos solos, realízase unha clasificación tendo en conta:


A agricultura de carácter intensivo é de rendementos constantes con ciclos de rotación complexos que poden chegar dúas colleitas anuais. Emprégase un tipo de solo rico en nutrientes e cun elevado nivel hídrico, polo que é difícil de roturar.

A combinación de cereais de inverno e de primavera permite producir dúas colleitas anuais con rotacións complexas graxas ás leguminosas.

A agricultura de carácter extensivo, baseada en ciclos longos, é factible en solos lixeiros máis fácil de traballar e opta por terras ben drenadas e pouco profundas. As terras de uso extensivo teñen solos lixeiros, ben drenados. As súas limitacións para unha agricultura de ciclos longos están relacionadas co clima ou as características litolóxicas do solo.

As terras de uso intensivo ocupan o fondo dos vales. Son solos pesados, ricos en nutrientes, sen litosoles nin zonas pedregosas significativas. Permiten o desenvolvementos dunha agricultura intensiva, con ciclos curtos e rotacións complexas, susceptibles de achegar varias colleitas ó ano.

As terras non aptas para a agricultura adoecen de importantes deficiencias debidas á pendente, ás propiedades do solo e ás condicións climáticas. Como permiten captar recursos silvícolas e cinexéticos definíronse como terras de captación, pero mantívose o cualificativo de nulo ó enfocar a análise ós usos agrogandeiros en terreos agrícolas.




Imaxe 25. Mapa de usos potenciais da terra de Galicia

	Intensiva	Extensiva	Nula / captación recursos
Pendiente	< 3-10%	< 10-35%	> 35%
Pedregosidad	< 10-25%	< 25%	> 25-50%
Profundidad	> 100 / 50-100 cm	> 50 cm	< 25 cm
Riesgo de erosión	sin riesgo / riesgo moderado	riesgo moderado / grave	riesgo grave
Riesgo de heladas	< 3 – 7,5 meses	< 3 – 9 meses	7,5 – > 9 meses
Régimen hídrico	≥ 4 5 – 7	≥ 4 5 – 8	1- 3 8 - 9

Táboa 10. Criterios de conversión do Mapa de Capacidade Produtiva dos Solos de Galicia á reclasificación en terras con tres usos potenciais de produción agrícola

8. CARACTERIZACIÓN FÍSICA DOS TERREOS

Para poder establecer a orientación dos terreos, deberase realizar unha análise das condicións físicas da zona de actuación.




Imaxe 26. Mapa de pendentes das parcelas na zona de actuación

Realizando un estudo de pendentes, practicamente na totalidade da área de actuación, a pendente é maior ó 20%, superando nalgúns dos casos unha pendente maior do 50%, o que supón un problema á hora de mecanización dos traballos.

Pendente	Superficie (m ²)	Porcentaxe sobre total
< 2%	63	0,04
2-5%	378	0,22
5-10%	2.346	1,39
10-15%	5.199	3,07
15-20%	11.138	6,58
20-25%	13.663	8,07
25-35%	36.285	21,43
35-50%	56.612	33,44
> 50%	43.624	25,77
	169.308	100,00


Táboa 11. Superficie por tipo de pendente

A altitude media da zona de actuación é de 720 metros, as alturas da zona identifícanse na seguinte imaxe:



Imaxe 27. Mapa de elevación da zona de actuación

En canto ás orientacións, na zona da actuación predomina a orientación este e sur, en mais do 90% da superficie.



Imaxe 28. Mapa da orientación das parcelas na zona de actuación

Orientación	Superficie (m ²)	Porcentaxe sobre total
Norte	11.305	6,68
Este	114.372	67,55
Sur	43.341	25,60
Oeste	288	0,17
	169.306	100,00

Táboa 12. Superficie por orientación dos terreos

Para completar a análise, utilizouse a ferramenta “Propiedades dos Solos de Galicia” que integra as Ciencias do Solo, Matemáticas e Ciencias Xeo-Computacionais mediante o desenvolvementos da disciplina coñecida como “Digital Soil Mapping” (McBratney, 2.003), centrada na creación de modelos predictivos para a estimación espacial de propiedades do solo. E un conxunto de bases de datos xeorreferenciadas, en forma de mapas dixitais a alta resolución espacial, xeradas por medio de métodos de inferencia estadística a partir de observacións de campo, datos de laboratorio e parámetros ambientais auxiliares [“Establecemento dun sistema experto de base tecnolóxica para a cuantificación de propiedades de solos en Galicia” (EM2012/060)” – Proxecto financiados pola Xunta de Galicia dentro do Programa de Investigadores Emerxentes na convocatoria 2012 (Investigados Principal: Luís Rodríguez Lado: luis.lado@usc.es)].

Con esta ferramenta, establecéronse as características físicas e químicas do solo para cada parcela: porcentaxe de arxila, area e limo; porcentaxe de materia orgánica; pH;...

A modo de resumo, os valores medios da zona inclúense na seguinte táboa:


CARACTERÍSTICA	VALOR
pH	4 - 6
Materia Orgánica (%)	8 - 12
Carbono Orgánico (%)	2 - 8
Densidade do solo (g.cm ⁻³)	0,8 – 1,2
Porosidade (%)	60 - 70
Textura	Franca/Franca-limosa
Textura (HYPRES)	Media
Limo (%)	30 - 60
Arxila (%)	15 - 20
Area (%)	20 - 50

Táboa 13. Táboa resumo de valores medios de características físicas da zona de actuación

9. CARACTERIZACIÓN DA PROPIEDAD DOS TERREOS

As parcelas obxecto de actuación no proxecto de Aldea Modelo, son un total de 272 parcelas, tendo en conta que no cómputo non se inclúen as parcelas localizadas en núcleo rural.


A superficie total do perímetro da aldea modelo é de 16,93 ha. A superficie media destas parcelas é de 541 m², sendo o total da superficie de actuación de 15,04 ha.



Imaxe 29. Distribución do tamaño das parcelas na zona de actuación

Analizando a superficie por parcela, o 97% das parcelas teñen unha superficie inferior a 2.000 m² o que pon de manifesto o elevado grao de fragmentación da propiedade.

En relación á titularidade das parcelas, a maioría (o 54 %) está en mans dunha soa persoa, cunha media de 4,6 parcelas/persoa e unha superficie media por titular de 2.488 m².



Imaxe 30. Distribución do número de titulares por parcela na zona de actuación

Existe unha pequena zona dentro da área de actuación identificada como MVMC de Parada, Couso e Río de Bois, tal e como se indica na imaxe seguinte:



Imaxe 31. Terreos do MVMC de Parada, Couso e Río de Bois

10. CARACTERIZACIÓN AMBIENTAL

A aldea modelo de Parada dos Montes atópase no **ZEC ES1120001 Os Ancarel – O Courel** que inclúe as principais serras montañosas orientais da provincia de Lugo, vinculadas principalmente a dous grandes macizos: a Serra dos Ancares ao Norte, entre os municipios de Navia de Suarna, Cervantes, Becerreá, As Nogais e Pedrafita do Cebreiro; e ao Sur a Serra do Courel, nos municipios de Triacastela, Pedrafita do Cebreiro, As Nogais, Samos, O Incio, A Pobra do Brollón, Folgoso do Courel, Quiroga e Ribas de Sil.

Esta importante zona de influencia tradúcese no espazo da Rede Natura 2000 de maior extensión, con 102.562 ha declaradas, o que supón máis dun 26% do conxunto da Rede Natura en Galicia.



Imaxe 32. Localización da ZEC ES1120001 Os Ancarel – O Courel

O Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia establece unha zonificación para este espazo protexido, con tres áreas diferentes:


- Zona 1 ou zona de protección.
- Zona 2 ou zona de conservación.
- Zona 3 ou zona de uso xeral.

A maior parte da superficie da aldea modelo de Parada dos Montes atópase na zona 3 ou zona de uso xeral, estando os terreos ao leste da aldea situados en zona 2 ou zona de conservación.

A **Área de Conservación (Zona 2)** é a **zona de aproveitamento ordenado dos recursos naturais**, inclúe territorios cun valor de conservación alto e medio, cunha porción variable de hábitats do anexo I da Directiva 92/43/CEE, cunha elevada naturalidade e diversidade, que mostran, xeralmente, unha maior representación territorial dos hábitats de interese comunitario fronte aos de carácter prioritario, ou ben, unha porción significativa das áreas prioritarias das especies silvestres de flora e fauna de interese para a conservación.

Diferéncianse, non obstante, porque estas unidades se integran nun territorio cun nivel importante de humanización, no cal existe unha porción tamén significativa de hábitats de interese comunitario, cuxa composición, estrutura e dinámica está intimamente ligada ao mantemento dos sistemas de aproveitamento tradicional.


Nesta área regúlanse as actividades non tradicionais que poidan levar consigo unha mingua ou diminución do estado de conservación dos hábitats e das poboacións de especies de flora e fauna de interese para a conservación, co obxectivo fundamental de conseguir o aproveitamento ordenado dos recursos naturais.



Imaxe 33. Zonificación do ZEC Os Ancares-O Courel

Polo tanto, a **Área de Uso Xeral (Zona 3)** abrangue territorios cun valor de conservación medio ou baixo nos cales predominan os medios seminaturais cunha reducida naturalidade e medios sinantrópicos desvinculados, na maioría dos casos, dos sistemas de explotación tradicional dos recursos naturais. Inclúense tamén dentro desta zona as áreas cun importante nivel de urbanización, así como grandes áreas destinadas ao uso público. A xestión destas zonas debe orientarse a evitar a fragmentación e o illamento das zonas de maior valor.

Na Zona 3 inclúense os asentamentos e núcleos rurais que teñan a dita condición conforme a normativa estatal e autonómica en materia de ordenación do territorio e urbanismo. Así mesmo, tamén abrangue as zonas de dominio público das infraestruturas de comunicación de titularidade estatal, autonómica, provincial ou local.



Imaxe 34. Zonificación do ZEC Os Ancares-O Courel na zona de actuación

En consecuencia, na planificación de cada espazo protexido, a Zona 3 debe ser capaz de absorber a maior parte das actividades de carácter recreativo, co fin de reducir a presión destas sobre as áreas que posúen hábitats ou especies cunha elevada fragilidade, como poden ser os terreos afectados pola Zona 2.

Entre os obxectivos do proxecto, está o **mantemento dos usos tradicionais** por parte da poboación local, evitando aqueles que supoñan un risco grave para a conservación ou dinámica dos hábitats naturais e das poboacións de especies de flora e fauna de interese para a conservación.

O territorio delimitado polo espazo natural e a súa área de influencia socioeconómica considéranse como áreas preferentes para o desenvolvemento daquelas actividades socioeconómicas de carácter tradicional, coherentes e respectuosas cos obxectivos de conservación. A Xunta de Galicia promoverá nestes territorios as seguintes actividades:

- a) Actividades vinculadas coa explotación racional dos recursos naturais

- Agricultura
 - Gandería
 - Silvicultura
 - Pesca – Marisqueo – Acuicultura
 - Pequenas industrias, non contaminantes, de transformación dos produtos naturais
 - Pequenas industrias, non contaminantes, directamente vencelladas coas actividades dos núcleos rurais tradicionais
- b) Actividades de carácter turístico
- c) Actividades de uso público
- d) Mellora dos núcleos rurais tradicionais e mellora da calidade de vida dos habitantes do espazo natural

Tendo en conta a zonificación do espazo, no artigo 66 do **Plan Director da Rede Natura 2000 para Galicia**, aprobado mediante *DECRETO 37/2014, de 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia* establécense os obxectivos e directrices de actuación para as actuacións a realizar na zona 2 ou área de conservación:

1. Obxectivos.

- a) Manter ou, se é o caso, restaurar, as paisaxes, os ecosistemas, os hábitats protexidos e as áreas prioritarias para as especies de interese para a conservación, nun estado de conservación favorable.
- b) Mantemento dos usos tradicionais por parte da poboación local, evitando aqueles que supoñan un risco grave para a conservación ou dinámica dos hábitats naturais e das poboacións de especies de flora e fauna de interese para a conservación.
- c) Ordenación e regulación das actividades deportivas e recreativas de baixa incidencia ambiental, especialmente o sendeirismo, excursionismo e actividades afíns, sempre que non produzan deterioración apreciable de hábitats e especies.

2. Directrices.

- a) Arbitraranse medidas de carácter económico especiais para os enclaves rurais existentes nesta zona, mediante subvencións ou beneficios fiscais para o desenvolvemento dos diferentes sectores produtivos e a mellora na súa calidade de vida.
- b) Fomentarase a conservación e restauración das paisaxes culturais e, de xeito especial, as vinculadas con valores históricos e cos sistemas de explotación tradicional e ustentable dos recursos naturais.
- c) Fomentarase a conservación e a restauración natural dos hábitats naturais e dos núcleos poboacionais das especies de interese para a conservación, garantindo, en todo momento, o mantemento da súa naturalidade, así como da súa diversidade taxonómica e xenética.

- d) Velarase para que os aproveitamentos e labores de carácter tradicional que se realicen sobre os recursos naturais empreguen técnicas que minimicen os impactos e sexan de carácter sustentable. Para acadar o anterior fomentárase a aplicación e implementación de códigos de boas prácticas como criterios orientadores da xestión sustentable dos recursos naturais, así como promover e velar pola aplicación dos requisitos establecidos na normativa e programas de eco-condicionalidade.
- e) Os aproveitamentos dos recursos naturais poderán someterse a melloras que permitan un aproveitamento máis eficaz destes, mantendo os criterios de sustentabilidade e de eco-condicionalidade:
- 1º) Evitarase a existencia de grandes superficies continuas, cubertas polo mesmo tipo de vexetación de carácter sinantrópico.
 - 2º) Os mosaicos e sistemas de prados mesófilos (6510, 6520), debido ao seu carácter de hábitat de interese comunitario, serán receptores preferentes das actuacións de mellora. Potenciaranse accións que aumenten a diversidade estrutural e paisaxística mediante a aplicación de plans compatibles co medio.
 - 3º) Potenciarase a instalación nas zonas de pasto de chantóns de frondosas susceptibles de aproveitamento por ramalleo, en marcos amplos ou irregulares.
 - 4º) Fomentárase a conservación e recuperación do bosque natural, substituíndo as formacións existentes de eucaliptais, piñeirais e outras especies alóctonas por formacións nativas.

No artigo 67 do Plan director, establece os obxectivos e directrices para a Zona 3: Área de Uso Xeral (Asentamentos e núcleos rurais);

1. Obxectivos.

- a) Manter a naturalidade da área, evitando as perdas de elementos característicos do espazo natural.
- b) Mantemento dos usos tradicionais por parte da poboación local, evitando aqueles que supoñan un risco grave para a conservación ou dinámica dos hábitats naturais e das poboacións de especies de flora e fauna de interese para a conservación.
- c) Ordenación e regulación das actividades deportivas e recreativas de baixa incidencia ambiental, especialmente o sendeirismo, excursionismo e actividades afíns, sempre que non produzan deterioración apreciable de hábitats e especies.

2. Directrices.


- a) Arbitraranse medidas de carácter económico especiais para os enclaves rurais existentes nesta zona, mediante subvencións ou beneficios fiscais para o desenvolvemento dos diferentes sectores produtivos e a mellora na súa calidade de vida.
- b) Fomentarase a aplicación e implementación de códigos de boas prácticas como criterios orientadores da xestión sustentable dos recursos naturais, así como promover e velar pola aplicación dos requisitos establecidos na normativa e programas de eco-condicionalidade.
- c) Os aproveitamentos dos recursos naturais poderán someterse a melloras que permitan un aproveitamento máis eficaz destes, mantendo os criterios de sustentabilidade e de eco-condicionalidade.

Identifícanse trinta unidades ambientais identificadas na **ZEC ES1120001 Os Ancares – O Courel**, o que constitúe un dos conxuntos máis numerosos das Áreas de Montaña da Rede Natura 2000 de Galicia. O grupo maioritario é o formado pola UA400 Bosques naturais e seminaturais, con 10 unidades diferenciadas, sendo este valor o máximo para toda a Rede Natura 2000 galega.

Outro grupo de elevada representatividade é o UA300 Matogueiras e medios rochosos, con 6 tipos, albergando medios silíceos, calcarios e de alta montaña. No que respecta aos hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE, este espazo inclúe un total de 37 tipos, dos que 12 son prioritarios (un 32%).

Na zona de actuación identifícanse **4 unidades ambientais**:

- UA300: Matogueiras e medios rochosos.
 - UA310. Grandes superficies de queirogais
- UA400: Bosques naturais e seminaturais.
 - UA425. Bosques seminaturais de *Castanea sativa*
- UA 540: Mosaico rural tradicional.
- UE 630: Piñeirais.
- UA 810: Areas urbanas/Núcleos de poboación (> 200 anos).



Imaxe 35. Unidades Ambientais inventariadas. RN2000

En canto aos hábitats presentes por unidade ambiental, establécense os seguintes:

- UA300: Matogueiras e medios rochosos.
 - UA310. Grandes superficies de queirogais
 - 6220*.- *Pseudoestepas de gramíneas e anuais da orde Thero-Brachypodietea.*
 - 4030.- *Queirogais secos europeos.*
 - 4020*.- *Queirogais húmidos atlánticos de Erica ciliaris e Erica tetralix.*
 - 8130.- *Desprendementos mediterráneos occidentais e termófilos.*
 - 8220.- *Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica.*
 - 8230.- *Rochedos silíceos con vexetación pioneira.*
 - 3260.- *Rios dos pisos basal a montano.*
 - 8310.- *Covas non explotadas polo turismo.*
- UA400: Bosques naturais e seminaturais.
 - UA425. Bosques seminaturais de *Castanea sativa*
 - 3260.- *Rios dos pisos basal a montano.*
 - 4030.- *Queirogais secos europeos.*
 - 6430.- *Megaforbios eutrófos higrófilos das orlas de chaira.*
 - 6510.- *Prados de sega de baixa altitude.*
 - 9260.- *Soutos*
- UA 540: Mosaico rural tradicional.
 - 4030.- *Queirogais secos europeos.*


- 6510 .- Prados de sega de baixa aptitude.
- 6520 .- Prados de sega de montaña.
- 6410 .- Prados con molinia.
- 6430 .- Megaforbios eutrótofos higrófilos das orlas de chaira.
- UA 630: Piñeirais.
- UA 810: Areas urbanas/Núcleos de poboación (> 200 anos).

Caracterizando os hábitats da zona de actuación, en base á información cartográfica dispoñible, identifícanse os seguintes hábitats:

	TIPO DE HÁBITAT	CLASE DE COBERTURA (%)
UA300: Matogueiras e medios rochosos.		
UA310. Grandes superficies de queirogais		
6220*.- Pseudoestepas de gramíneas e anuais da orde Thero-Brachypodietea.	Vinculado	1-10 %
4030 .- Queirogais secos europeos.	Principal	75-100 %
4020* .- Queirogais húmidos atlánticos de Erica ciliaris e Erica tetralix.	Vinculado	1-10 %
8130 .- Desprendementos mediterráneos occidentais e termófilos.	Vinculado	1-10 %
8220 .- Encostas rochosas silíceas con vexetación casmofítica.	Vinculado	1-10 %
8230 .- Rochedos silíceos con vexetación pioneira.	Vinculado	1-10 %
3260.- Rios dos pisos basal a montano.	Secundario	1-10 %
8310 .- Covas non explotadas polo turismo.	Vinculado	1-10 %
UA400: Bosques naturais e seminaturais.		
UA425. Bosques seminaturais de Castanea sativa		
3260.- Rios dos pisos basal a montano.	Secundario	1-10 %
4030 .- Queirogais secos europeos.	Secundario	1-10 %
6430 .- Megaforbios eutrótofos higrófilos das orlas de chaira.	Secundario	1-10 %
6510 .- Prados de sega de baixa altitude.	Secundario	1-10 %
9260.- Soutos	Principal	75-100 %
UA 540: Mosaico rural tradicional.		
4030.- Queirogais secos europeos.	Secundario	1-10 %
6510 .- Prados de sega de baixa aptitude.	Vinculado	1-10 %
6520 .- Prados de sega de montaña.	Vinculado	1-10 %
6410 .- Prados con molinia.	Secundario	1-10 %
6430 .- Megaforbios eutrótofos higrófilos das orlas de chaira.	Secundario	1-10 %
UA 630: Piñeirais.		
UA 810: Areas urbanas/Núcleos de poboación (> 200 anos).		

Táboa 14. Tipos de hábitats e coberturas na zona de actuación

Tendo en conta o anterior, dentro da UA310 están identificados diversos hábitats prioritarios, polo que nas zonas identificadas na imaxe seguinte deberase realizar unha análise previa á execución para a identificación da posible existencia de hábitats prioritarios.



Imaxe 36. UA 310 posible existencia de hábitats prioritarios

Tras revisar a situación ambiental das parcelas de actuación da Aldea Modelo de Parada dos Montes, dentro da ZEC ES1120001 “Ancares-Courel”, conclúese que, segundo o establecido no Plan Director Rede Natura para Galicia, serían actuacións afectadas polo Artigo 46 “Bosques” e Artigo 57 “Usos forestais”.

Segundo o establecido no artigo 57.3.c) Considéranse usos permitidos aquelas actividades de carácter tradicional vinculadas coas explotacións forestais existentes no espazo protexido.

Considéranse actuacións que non supoñen unha afección apreciable sobre o estado de conservación dos hábitats de interese comunitario:

- a) As actividades tradicionais de carácter agrícola e gandeiro que non supoñan unha alteración apreciable da estrutura, funcionamento e composición taxonómica dos hábitats naturais de interese comunitario e das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.
- b) As explotacións tradicionais de gandería extensiva sometidas a un control adecuado que evite incrementos da presión incompatibles co mantemento dos hábitats sometidos a aproveitamento directo e, en xeral, as que non supoñan unha alteración apreciable da estrutura, funcionamento e composición taxonómica dos ecosistemas de interese comunitario e das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.

No **Plan Director da Rede Natura 2000 para Galicia**, aprobado mediante *DECRETO 37/2014, de 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia*, establece a seguinte, no seu artigo 47 establece para os **AGROSISTEMAS TRADICIONAIS**: As áreas ocupadas polos agrosistemas tradicionais na actualidade tipifícanse dentro do grupo de unidades ambientais UA500, baixo o epígrafe de “Paisaxe Rural Tradicional”. As unidades ambientais UA510 a **UA540** reflicten os diversos sistemas de aproveitamento tradicional do territorio galego que persisten nas principais unidades paisaxísticas de Galicia.

1. Obxectivos de conservación

1.0 Conservación, restauración e, no seu caso, mellora dos agrosistemas tradicionais polos valores de biodiversidade e sostibilidade albergados nos mesmos.

2.0 Fomentar o aproveitamento racional dos recursos dos hábitats seminaturais agrícolas para garantir a súa conservación e mantemento

2. Actuacións que non supoñen unha afección significativa sobre o estado de conservación dos hábitats de interese comunitario

1.0 As actividades tradicionais de carácter agrícola e gandeiro que non supoñan unha alteración significativa da estrutura, funcionamento e composición taxonómica dos ecosistemas naturais de interese comunitario (Anexo I da DC 92/43/CEE) e das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.

3. Actuacións que afectan de forma significativa ao estado de conservación dos hábitats de interese comunitario

8.0 Os cerramentos e valados que non se atopen conformados por especies vexetais autóctonas, nin por muros de pedra que manteñan os tipos tradicionais da zona, así como aqueles que impidan a circulación da fauna silvestre, ou que supoñan un incremento da fragmentación ou a impermeabilidade dos hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE, ou un incremento no nivel de aillamento das especies de interese para a conservación.

No seu artigo 56 o Plan Director da Rede natura de Galicia¹, establece para os **USOS AGROPECUARIOS**

1. Obxectivos

1.0 A xestión agrícola e gandeira do espazo natural deberá primar os aproveitamentos e usos sostibles, de modo que se minimicen, cando non se eviten, as afeccións sobre os compoñentes clave do territorio: tipos de paisaxes, medios ecolóxicos, hábitats protexidos, núcleos poboacionais de especies de interese para a conservación.

¹ *DECRETO 37/2014, de 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia*

2. Directrices

1.0 *Promoveranse as políticas agrarias que fomenten o mantemento nun estado de conservación favorable dos núcleos poboacionais e das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación e priorizaranse aqueles compoñentes cuxa persistencia se atopa ligada ao mantemento dos sistemas de explotación tradicional de carácter agrícola ou gandeiro (aproveitamentos tradicionais e extensivos de brañas e matogueiras, mantemento dos prados de sega e dente, cultivos tradicionais de cereais, etc.).*

2.0 *Promoverase a adquisición e/ou arrendamento de predios ou ben a compra das súas producións, en áreas de especial relevancia ambiental, co fin de asegurar o mantemento, a medio ou longo prazo, dos núcleos poboacionais das especies de interese para a conservación ou dos hábitats naturais e seminaturais de interese comunitario. Para estes efectos terase en conta o disposto na Lei 7/2007, do 21 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia.*

3.0 *Fomentarase o mantemento da agricultura tradicional mediante a sinatura de acordos ou convenios contractuais cos titulares de terreos que se comprometan á aplicación de medidas agroambientais compatibles coa conservación dos hábitats de interese comunitario e/ou das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.*

4.0 Os criterios e medidas ambientais contempladas nos contratos globais de explotación e as medidas agroambientais que promova o organismo autonómico competente en materia agraria e do medio rural definiranse en colaboración co organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza.

5.0 *As explotacións incluídas no ámbito do espazo natural consideraranse como prioritarias para a concesión de axudas á práctica de métodos agroambientais compatibles coa conservación das especies de interese para a conservación.*

6.0 Velarase e promoverase a aplicación de códigos de boas prácticas, así como os criterios establecidos de ecocondicionalidade.

7.0 Nos terreos agrícolas e gandeiros procurarase **respectar a vexetación autóctona de carácter natural ou seminatural establecida nos lindeiros de bosques e regueiros, así como as sebes arbustivas e arbóreas, as liñas de arboredo, os pequenos bosquetes e cantos elementos naturais poidan ser significativos para a conservación da biodiversidade e, en especial, da flora e fauna silvestre.** Velarase, especialmente, polo mantemento de aqueles elementos que:

- Sirvan de hábitat secundario, refuxio, cría ou alimentación de especies protexidas.
- Constitúan os últimos lugares de refuxio, cría ou alimentación para os elementos silvestres de flora e fauna, por perdurar en paisaxes agrarias ou gandeiras fortemente degradadas.
- Establezan corredores biolóxicos con ou entre áreas de maior naturalidade que eviten o illamento xenético das poboacións.

- Os cercados e valados en terreos rurais deberán construírse de tal forma que non impidan a circulación da fauna silvestre axustándose ás normas sectoriais e ás contempladas no presente Plan. Os cerramentos serán preferentemente vexetais, conformados por especies autóctonas, ou ben por muros de pedra mantendo os tipos construtivos tradicionais de cada zona.

3. Normativa xeral

1.0 Con carácter xeral, considéranse usos permitidos aqueles de carácter tradicional vinculados coas explotacións agrícolas e gandeiras existentes en cada espazo natural, que non supoñan unha mingua significativa no estado de conservación dos ecosistemas, dos hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE e das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación, e que cumpran coa normativa sectorial vixente e coas disposicións do presente plan, incluíndo entre elas:

- ***O cultivo ou a cría dentro das explotacións agropecuarias de especies, subespecies, variedades ou razas representativas dos sistemas tradicionais de explotación agrícola ou gandeira existentes en Galicia.***
- As explotacións tradicionais de gandería extensiva de vacún, equino, ovino e caprino existentes antes da entrada en vigor do presente plan, sometidas a un control axeitado que evite incrementos da presión incompatibles co mantemento dos hábitats sometidos a aproveitamento directo e, en xeral, as que non supoñan unha mingua no estado de conservación dos ecosistemas, os hábitats protexidos e das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.
- O uso de zurros, fertilizantes e biocidas nos terreos de labor, hortas, explotacións froiteiras e nos pasteiros de carácter artificial ou seminatural, sempre e cando a súa aplicación non afecte negativamente aos hábitats de interese comunitario existentes no seu ámbito, así como ás poboacións de especies de interese para a conservación e sempre que se apliquen de maneira racional, de acordo coas vixentes normativas e co código de boas prácticas.
- A corta de exemplares de árbores froiteiras e de ornamento existentes en explotacións agrícolas, en pequenos hortos ou en xardíns e áreas de uso público existentes dentro do espazo natural. Exclúense desta autorización os exemplares incluídos no Catálogo galego de árbores senlleiras (Decreto 67/2007).
- A creación de novos pasteiros ou terreos de labor, cando se realicen sobre espazos non conformados por hábitats de interese comunitario (campos de cultivos abandonados, formacións forestais de especies alóctonas, xesteiras, etc.) ou sobre as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.

2.0 Coa finalidade de asegurar un uso sostible dos recursos naturais e o propio mantemento das explotacións agropecuarias tradicionais, **considéranse actuacións suxeitas a autorización por parte do organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza** as seguintes:

- Os cambios de usos que supoñan a desaparición ou diminución significativa do estado de conservación (diminución da superficie, modificación da estrutura, cambios nas funcións ecolóxicas) dos tipos de hábitats de interese comunitario ou dos hábitats das especies de interese para a conservación.
- A creación de novos pasteiros ou terreos de labor, cando supoñan a destrución ou redución significativa da superficie ocupada por hábitats protexidos ou ben das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.
- A eliminación de sebes e bosquetes nas áreas de aproveitamento agrícola ou gandeiro.
- O uso de biocidas. Exclúese desta consideración o uso de biocidas vinculados ao mantemento dos prados de sega (Nat-2000 6510, 6520), cando se realice conforme á normativa xeral vixente.
- A fumigación con equipos aéreos.
- A liberación no medio natural de organismos modificados xeneticamente.
- Introducións de espécimes alóctonos de carácter invasor que poidan provocar unha alteración sobre o estado de conservación dos hábitats ou sobre as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación. Non se aprobará ningunha introdución que poida afectar negativamente ao estado de conservación dos hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE e ás especies de interese para a conservación.
- O depósito de lodos de depuradoras industriais ou urbanas, así como seu o emprego como fertilizantes ou emendas dos solos agrícolas.

3.0 Todos os proxectos de concentracións parcelarias, así como outros proxectos similares que leven consigo unha drástica modificación da paisaxe rural do espazo natural ou que afecten significativamente ao estado de conservación dos hábitats de interese comunitario e ás especies de interese para a conservación, deberán someterse obrigatoriamente a avaliación de impacto ambiental, que se formulará conforme aos criterios establecidos no artigo 6 da DC 92/43/CEE, aos obxectivos de conservación establecidos na Rede Natura 2000, no presente plan e de acordo coa normativa sectorial vixente.

No tocante aos usos forestais, **considéranse usos e aproveitamentos permitidos** todos aqueles forestais contemplados nos correspondentes proxectos de ordenación de montes ou plans técnicos de xestión que comprendan áreas incluídas no ámbito territorial da Rede Natura 2000, informados previamente polo organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza.

O devandito organismo solicitará, cando sexa necesario, modificacións do documento ou a aportación motivada da documentación oportuna, para garantir que os devanditos usos e aproveitamentos non supoñan unha afección significativa sobre o estado de conservación dos tipos de hábitats de interese comunitario ou dos núcleos poboacionais das especies de interese para a conservación.

No seu artigo 57 o Plan Director da Rede natura de Galicia², establece para os **USOS FORESTAIS**:

1. **Obxectivos**

1.0 A xestión forestal do espazo natural deberá primar os aproveitamentos e usos sostibles, de modo que se minimicen, cando non se eviten, as afeccións sobre os compoñentes clave do territorio: tipos de paisaxes, medios ecolóxicos, hábitats protexidos, núcleos poboacionais de especies de interese para a conservación.

2. **Directrices**

1.0 Promoveranse as políticas forestais que fomenten o mantemento nun estado de conservación favorable dos núcleos poboacionais e das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación e priorizaranse aqueles compoñentes cuxa persistencia se atopa ligada ao mantemento dos ***sistemas de explotación tradicional de carácter forestal*** (carballeiras, soutos, corredores fluviais, turbeiras, brañas, matogueiras, etc.).

2.0 Promoverase a adquisición e/ou arrendamento de predios ou ben a compra das súas producións, en áreas de especial relevancia ambiental, co fin de asegurar o mantemento, a medio ou longo prazo, dos núcleos poboacionais das especies de interese para a conservación ou dos hábitats naturais e seminaturais de interese comunitario. Para estes efectos terase en conta o disposto na Lei 7/2007, do 21 de maio, de medidas administrativas e tributarias para a conservación da superficie agraria útil e do Banco de Terras de Galicia.

3.0 Fomentarase o mantemento das explotacións forestais tradicionais mediante a sinatura de acordos ou convenios contractuais coas comunidades de montes e cos titulares de terreos que se comprometan á aplicación de medidas ambientais compatibles coa conservación dos hábitats de interese comunitario e/ou das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.

4.0 Os criterios e medidas ambientais contempladas nos contratos globais de explotación e as medidas ambientais que promova o organismo autonómico competente en materia forestal e do medio rural definiranse en colaboración co organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza.

5.0 As explotacións incluídas no ámbito do espazo natural consideraranse prioritarias para a concesión de axudas á práctica de métodos agroambientais compatibles coa conservación das especies de interese para a conservación.

6.0 A xestión forestal deberá desenvolverse mediante proxectos de ordenación de montes e plans técnicos de xestión redactados conforme á Lei 43/2003, de montes. De acordo co artigo 32 desta lei, para a súa aprobación teranse en conta a diversidade e as necesidades de conservación dos hábitats naturais e seminaturais de interese comunitario, así como dos

² DECRETO 37/2014, de 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia

hábitats das especies de interese para a conservación, e por conseguinte as directrices e normativas establecidas no presente Plan. Os usos e aproveitamentos que nestes documentos se contemplan non poderán supoñer, en ningún caso, unha redución significativa do estado de conservación destes hábitats, sobre todo daqueles considerados como prioritarios ou que presenten unha reducida cobertura ou elevada fragilidade no espazo natural ou no conxunto da Rede Natura 2000 de Galicia.

7.0 As autorizacións de aproveitamentos forestais deberán establecer as medidas precisas que aseguren o respecto do arboredo e a vexetación autóctona desenvolvida baixo a masa, así como o mantemento da diversidade de biótotos (afloramentos rochosos, regueiros, humidaís).

8.0 Evitarase que as autorizacións de cortas leven consigo a desaparición de bosquetes ou a supresión de sebes arbóreas ou arbustivas nas áreas de uso agrícola ou gandeiro. O organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza poderá establecer limitacións co fin de garantir o mantemento deste tipo de hábitats.

9.0 ***Os aproveitamentos deberán realizarse con técnicas tradicionais e respectuosas en todo momento coa integridade do medio ambiente***, co fin de garantir o mantemento da masa, os solos e os biótotos e ecotóns que esta albergue, así como o restablecemento das condicións preexistentes ou, no seu caso, o seu reemprazo por formacións de carácter natural.

10.0 Os aproveitamentos forestais das formacións naturais realizaranse mediante cortas por aclareo sucesivo uniforme ou, no seu caso, por entresacas por bosquetes ou por furoneo.

11.0 A construción en vías de saca deberá evitar, no trazado da pista, pendentes superiores ao 10% e poderase excepcionalmente superar o devandito límite co fin de evitar impactos paisaxísticos negativos. Estas vías deberán contar con pasos de auga nos desaugadoiros naturais do terreo, tanto permanentes como estacionais, e os seus entroncamentos con camiños ou vías deberán ser realizados previa consulta ao organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza, co fin de determinar a forma idónea da súa construción. O depósito dos materiais sobrantes na construción e reparación de pistas será controlado con rigorosidade.

12.0 Os traballos de control de pragas deberán ter en conta as seguintes consideracións:

- Non poderán ser empregados fitocidas e insectocidas (salvo casos de urxente necesidade).
- Permitirase o control biolóxico ou natural determinado pola Comunidade Internacional e coñecido como Entomology Management (sempre a través do procedemento de Avaliación de Impacto Ambiental).
- Con carácter preferente, en labores de prevención e loita potenciarase o emprego de plantas cebos, loita biolóxica con uso de trampas de feromonas e, principalmente, a estabilización de poboacións de insectívoros mediante o uso de caixas andadeiras, así como a protección dos dormideiros de quirópteros.

13.0 Na extinción de incendios empregaranse, preferentemente, as accións que xeren menor impacto no medio e a restauración de áreas afectadas terá carácter prioritario.

3. Normativa xeral

1.0 Como norma xeral, ***considéranse usos permitidos aquelas actividades de carácter tradicional vinculadas coas explotacións forestais existentes no espazo natural que non supoñan unha mingua significativa no estado de conservación dos ecosistemas, dos hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE e das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación***, sempre e cando cumpran coas disposicións establecidas pola lexislación sectorial, a normativa do presente plan, ou as que puidese establecer o organismo autonómico en materia de conservación da natureza e, en todo caso, conforme ao disposto no artigo 6 da DC 92/43/CEE e no artigo 45 da Lei 42/2007, considerando entre as mesmas os seguintes:

- As cortas de formacións alóctonas efectuadas conforme ás especificacións incluídas no presente plan e á normativa sectorial vixente, cando se realicen garantindo a conservación dos solos e dos compoñentes naturais e non leven consigo unha afección significativa sobre tipos de hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE, das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación ou non afecten a árbores e rodais senlleiros, declarados en conformidade co Decreto 67/2007.
- As plantacións de elementos autóctonos ou de especies do xénero *Pinus* (*Pinus pinea*, *Pinus pinaster*, *Pinus sylvestris*) que non supoñan unha afección significativa sobre os hábitats do anexo I ou sobre as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación e non provoquen unha afección paisaxística.
- A introdución, plantación ou sementeira de especies exóticas, cando figuren como especies de aproveitamento forestal nos correspondentes proxectos de ordenación de montes e non sexan contrarias ás regulacións establecidas no presente plan.
- As cortas dos tipos de bosques do anexo I da DC 92/43/CEE vinculadas estritamente ás necesidades de xestión, restauración e sanidade vexetal, conformes cos obxectivos do presente Plan e da propia Rede Natura 2000, cando sexan necesarias para garantir a seguridade das persoas, infraestruturas ou propiedades.
- Cortas de rexeneración e mantemento, no caso de rodais sen rexeneración natural, cando sexan estritamente necesarias para asegurar a súa preservación.
- Tendo en conta as características intrínsecas dos soutos e a súa condición de hábitat de interese comunitario (Nat-2000 9260), as actividades e aproveitamentos tradicionais dos mesmos. Actividades entre as que atopan o seu esmoucado periódico, rozas manuais do sotobosque, plantación e enxertado de novos individuos de *Castanea sativa*, tratamentos fitosanitarios, todas elas necesarias para asegurar o mantemento temporal do devandito hábitat.

2.0 Tras unha axeitada avaliación das repercusións, efectuada en conformidade co artigo 6, poderán ser autorizadas cortas por furoneo, cortas por aclareo uniforme ou entresacas por bosquetes para as formacións forestais de carácter autóctono, cando se realicen garantindo a conservación dos solos e dos compoñentes naturais e non conleven unha afección significativa sobre os hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE e as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación, e se realicen de acordo á normativa e obxectivos do presente Plan.

3.0 As reforestacións, debidamente autorizadas polo organismo competente en materia de conservación da natureza, deberán ser levadas a cabo seguindo os principios e obxectivos descritos na normativa xeral deste Plan, e serán realizadas baixo os principios de cautela ambiental do artigo 6 da DC 92/43/CEE e do artigo 45 da Lei 42/2007. Estas reforestacións deberán realizarse de forma que se restaure a cuberta arbórea, en especial no tocante ás primeiras reforestacións sobre terreos degradados ou que proveñan de incendios ou xerados polo abandono da actividade agraria ou gandeira, empregando as especies índice e acompañantes do Plan Forestal de Galicia, e non causando afeccións significativas sobre os hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE, nin sobre as especies de interese para a conservación.

4.0 As superficies forestais, que no momento da entrada en vigor deste plan se atopen conformadas por especies alóctonas (*Pinus*, *Eucalyptus*, etc.), poderán manter a súa dedicación forestal así como desenvolver os seus aproveitamentos sempre e cando non leven consigo unha afección significativa sobre o espazo natural ou os compoñentes deste e se suxeiten ao establecido na lexislación sectorial. A Xunta de Galicia arbitrará as medidas necesarias para fomentar a transformación destas explotacións, co fin de recuperar a naturalidade dos hábitats propios destas áreas.

5.0 O organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza, independentemente das regulacións que poida establecer o órgano forestal competente, poderá regular dentro do espazo natural ou denegar novas explotacións ou aproveitamentos, cando leven consigo unha afección significativa sobre o estado de conservación dos tipos de hábitats de bosques tipificados no anexo I da DC 92/43/CEE, así como sobre os hábitats das poboacións de especies de interese para a conservación, ou ben cando os aproveitamentos afecten á integridade do propio espazo natural, ao mantemento dos valores paisaxísticos ou á conectividade entre os diferentes tipos de medios ecolóxicos.

6.0 Con carácter xeral considéranse **usos permitidos**:

- A recollida de follaxe, castañas, cogomelos, landras e doutros pequenos froitos por parte dos propietarios dos montes para o seu propio aproveitamento, sempre que non afecte á persistencia do/s exemplar/es ou destas se derive unha perda do estado de conservación dos hábitats de interese comunitario ou das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación. Exclúese desta autorización o aproveitamento das especies silvestres de interese para a conservación.
- Os aproveitamentos de leñas nas masas arborizadas por parte da poboación local, destinados ao autoconsumo e ao uso doméstico, que non sexan obxecto de comercialización e sen sobrepasar os límites de volume anual por propietario de

acordo coa normativa sectorial vixente, sempre que non afecten á persistencia do/s exemplar/es ou destes se derive unha perda do estado de conservación dos hábitats de interese comunitario ou das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.

7.0 En cumprimento do artigo 6 da DC 92/43/CEE e coa finalidade de asegurar o uso sostible dos recursos naturais e o propio mantemento das explotacións forestais, o organismo autonómico competente en materia de conservación da natureza **considerará actividades suxeitas a avaliación e autorización preceptiva**, as seguintes:

- A introdución, plantación ou sementeira de especies exóticas non contempladas como especies de aproveitamento forestal nos correspondentes proxectos de ordenación de montes.
- A introdución, plantación ou sementeira de especies exóticas sobre hábitats de interese comunitario.
- A realización de rozas, sangrados, subsolados sobre queirogais húmidos (Nat-2000 4020*) e turbeiras (Nat-2000 7110*, 7130*, 7140, 7150, 7210*, 7220*, 7230, 91D0*).
- A circulación e o uso de maquinaria forestal sobre hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE ou áreas prioritarias de especies de interese para a conservación.
- O uso extensivo do lume na xestión e aproveitamento das superficies non arborizadas consideradas como hábitats de interese comunitario, en actuacións de xestión e protección do biotopo.
- Excepcionalmente, a realización de queimas controladas e de restrebas, sempre que non leven consigo unha afección sobre o estado de conservación dos hábitats e as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación e se realicen conforme á normativa vixente.
- O uso de calquera tipo de biocidas o herbicidas sobre hábitats incluídos na DC 92/43/CEE ou sobre os hábitats das especies de interese para a conservación.
- A fumigación con equipos aéreos.
- A realización de aterrazamentos nos proxectos de plantacións forestais.
- A recolección de vexetais e fungos con fins comerciais por parte dos propietarios dos montes.
- Todas aquelas que poidan afectar significativamente á integridade do espazo natural, ao estado de conservación dos hábitats de interese comunitario ou aos núcleos poboacionais das especies de interese para a conservación.

8.0 Serán **sometidos a avaliación de impacto ambiental**:

- As primeiras repoboacións forestais de máis de 50 hectáreas, cando entrañen riscos de graves transformacións ecolóxicas de carácter negativo.
- As novas plantacións que poidan xerar unha afección significativa sobre a integridade do espazo natural, os hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE ou sobre as áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.
- Calquera outro tipo de aproveitamento madeireiro, non contemplado na normativa zonal e xeral, que supoña a destrución ou alteración dos hábitats incluídos no anexo I

da DC 92/43/CEE ou das áreas prioritarias das especies de interese para a conservación.

- As cortas a feito ou a matarrasa en grandes superficies (>10 ha) de formacións exóticas.
- A destrución, subsolado, sangrado, rozas mecánicas que poidan levar consigo unha afección significativa sobre o estado de conservación dos hábitats lacunares (Nat-2000 1150*, 3110, 3120, 3130, 3140, 3150, 3160, 7210*), marismas (Nat-2000 1140, 1310, 1320, 1330, 7210*), brañas e turbeiras (Nat-2000 4020*, 6230*, 7110*, 7130*, 7210*, 91D0*) ou corredores fluviais (Nat-2000 3260, 3270, 91E0*, 91F0, 92A0).

9.0 Considéranse usos prohibidos no ámbito do espazo natural:

- As cortas a feito e a matarrasa sobre formacións arborizadas naturais e, especialmente, sobre aquelas incluídas dentro do anexo I da DC 92/43/CEE.
- O depósito de materiais sobrantes de cortas ou outros aproveitamentos forestais sobre hábitats do anexo I da DC 92/43/CEE ou áreas prioritarias de especies de interese para a conservación.
- As rozas ou laboreos mecánicos, así como os subsolados en liña de máxima pendente, cando poidan xerar un incremento significativo na erosión do solo.
- A vertedura de zurros e residuos agrícolas ou industriais sobre o medio acuático, así como sobre o resto de hábitats de interese comunitario, a excepción dos diversos tipos de prados de sega (Nat-2000 6510, 6520) contemplados na DC 92/43/CEE, realizados de acordo coa normativa sectorial.

10.0 As actuacións obrigadas na Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia respecto ás liñas de transporte e distribución de enerxía eléctrica enténdense circunscritas ás especies arbóreas nela citadas, estando prohibido eliminar a vexetación arbustiva baixo estas liñas cando non haxa obriga de facelo, en aplicación estrita dos criterios que fixa a regulamentación electrotécnica vixente.

10.1 En todo caso, calquera clase de planeamentos ou obras destinados á prevención de incendios forestais, que haxan de ser realizados nos montes incluídos dentro do territorio comprendido polo espazo natural, deberán someterse con antelación á súa execución a un informe previo do organismo competente en materia de conservación da natureza.

11.0 Consideraranse prohibidas todas aquelas actividades horizontais ou difusas que poidan contribuír á degradación da función dos bosques como reservorios a longo prazo de CO₂, ou a súa conversión para outros usos, que poidan xerar un volume considerable de emisións de gases de efecto invernadoiro, debido aos incendios, a descomposición da biomasa ou a mineralización da materia orgánica do solo.


11. CARACTERIZACIÓN PATRIMONIAL

A normativa de obrigado cumprimento que fai necesaria a execución destas actuacións regúlase nas disposicións legais emanadas das:

- Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español.
- Decreto 199/97 que regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

As actuacións, localízanse na parroquia de Parada dos Montes no termo municipal de A Pobra do Brollón. No Plan Básico Autonómico están inventariados:

- Ermida de Ferreirúa.
- Ermida do Carballal.
- Igrexa parroquial de Santa Einés de Parada dos Montes.



Imaxe 37. Elementos patrimoniais inventariados. PBA.

As actuacións a desenvolver nas que existe algunha figura de protección patrimonial, localízanse nas parcelas coas seguintes referencias catastrais:

PARCELA	FAIXA	ÁREA DE PROTECCIÓN
27047A08300298	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08300296	SI	Elemento patrimonio cultural



PARCELA	FAIXA	ÁREA DE PROTECCIÓN
27047A08300297	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08300299	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08300300	NON	Elemento patrimonio cultural
27047A08300301	NON	Elemento patrimonio cultural
27047A08300302	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08300303	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08300304	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08300305	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08300306	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08300307	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08300308	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08300309	NON	Elemento patrimonio cultural
27047A08300310	NON	Elemento patrimonio cultural
27047A08300311	NON	Elemento patrimonio cultural
27047A08300312	NON	Elemento patrimonio cultural
27047A08300313	NON	Elemento patrimonio cultural
27047A08300314	NON	Elemento patrimonio cultural
27047A08300315	NON	Elemento patrimonio cultural
27047A08300316	NON	Elemento patrimonio cultural
27047A08300317	NON	Elemento patrimonio cultural
27047A08201103	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08300818	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08300820	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08300321	NON	Elemento patrimonio cultural
27047A08300319	NON	Elemento patrimonio cultural
27047A08300320	NON	Elemento patrimonio cultural
27047A08300323	NON	Elemento patrimonio cultural
27047A08300324	NON	Elemento patrimonio cultural
27047A08300001	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08300783	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08300789	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08300790	NON	Elemento patrimonio cultural
27047A08300791	NON	Elemento patrimonio cultural
27047A08300792	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08300793	NON	Elemento patrimonio cultural
27047A08300795	NON	Elemento patrimonio cultural
27047A08200003	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08200002	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08200004	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08200005	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08200006	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08200007	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08200008	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08300935	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08300064	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08300063	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08200019	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08200026	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08200027	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08200035	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08200036	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08200037	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08200041	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08300936	SI	Elemento patrimonio cultural

PARCELA	FAIXA	ÁREA DE PROTECCIÓN
27047A08300937	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08300278	NON	Elemento patrimonio cultural
27047A08300277	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08300280	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08300281	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08300282	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08300283	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08300284	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08300285	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08300286	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08300287	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08300288	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08300289	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08300291	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08300292	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08300293	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08300655	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08201071	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08300279	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08200021	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08200020	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08200023	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08200022	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08300294	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08300065	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08300952	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08300938	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08200038	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08200028	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08200045	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08200029	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08200024	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08201119	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08200001	SI	Elemento patrimonio cultural
27047A08300637	SI	Elemento patrimonio cultural
002201300PH41E	SI	Elemento patrimonio cultural
002200300PH41E	SI	Elemento patrimonio cultural
002201400PH41E	SI	Elemento patrimonio cultural
002200600PH41E	SI	Elemento patrimonio cultural
002200900PH41E	SI	Elemento patrimonio cultural

Táboa 15. Parcelas afectadas por elementos patrimoniais inventariados.


Para a protección dos elementos patrimoniais inventariados na zona de actuación, previo ao inicio dos traballos ou de calquera labor relacionada con eles, e na súa execución se compran seguintes condicións:

- Balizamento dos xacementos arqueolóxicos seguindo unha perimetral que garanta a intanxibilidade da área de protección integral ou, de non estar esta precisada, en canto as evidencias físicas en superficie.
- As rozas serán exclusivamente manuais na inmediatez dos elementos patrimoniais inventariados.

- Non se realizarán movementos de terra, nin amoreamentos ou depósitos, nin se poderá abrir pistas novas no contorno de protección.
- Respetaranse os afloramentos rochosos, por se existise arte rupestre. En ningún caso a maquinaria ou o tráfico rodado se realizará sobre deles. Tampouco se arrastrarán troncos nin refugallos sobre a súa superficie nin se amorearán nin se depositarán enriba destes.
- Non se talarán en ningún caso árbores frondosas autóctonas en cumprimento do establecido na propia Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais.

12. ESTADO ACTUAL

Para a identificación dos usos agroforestais actuais tomáronse como punto de partida os usos actuais reflexados na cartografía do SIXPAC.




Imaxe 38. Usos SIXPAC 2019

Con esta cartografía de base, e tras realizar inspección en campo parcela por parcela, chegouse a definir o uso actual na zona de estudo.

USO ACTUAL	ÁREA (ha)
Forestal	9,40
Terra de labor	0,07
Mato	1,25
Mixto	0,50
Pasto	1,49
Prado	1,92
Outros	0,39
TOTAL ACTUACIÓN	15,02

Táboa 16. Superficies por uso actual.



Imaxe 39. Clasificación dos usos identificados no traballo de campo da zona de estudo


O uso principal nesta aldea é o forestal con case o 63% da superficie total da área de actuación, seguido polo uso de pasto, prado e mato nun 31% da superficie total.

En canto ás superficies poboadas por arborado, na zona atópanse dous grandes grupos de especies, coníferas e frondosas autóctonas. Tamén se aprecia unha certa representación de especies invasoras (mimosa).

ESPECIE PRINCIPAL DA MASA	SUPERFICIE (ha)
Coníferas	1,89
Frondosas autóctonas	7,15
Frondosas alóctonas	0,05
Especies invasoras	0,01
Outras	0,30
TOTAL ACTUACIÓN	9,40

Táboa 17. Superficies por especie principal da masa.

Nesta clasificación están integradas as superficies de mato e pasto nas que se atopan especies arbóreas dispersas.




Imaxe 40. Especies forestais na zona de estudo

Da análise *in situ* dos terreos conclúese que existe unha grande parte dos terreos en estado de abandono e/ou infrautilización.

USO ACTUAL	SUPERFICIE (ha)
Abandono	9,25
Uso agrícola	1,70
Uso forestal	3,69
Outros	0,40
TOTAL ACTUACIÓN	15,04

Táboa 18. Superficies por uso actual.



Imaxe 41. Clasificación dos usos identificados no traballo de campo da zona de estudo

Esta situación xera unha gran potencialidade da zona para a súa posta en produción, principalmente con actividades compatibles co uso forestal, moi estendido nesta zona.

13. CARACTERIZACIÓN VISUAL DA SITUACIÓN ACTUAL

Na visita previa á zona de actuación, revisouse o perímetro proposto, para analizar de xeito xeral o estado dos terreos na actualidade.


Os resultados da visita refléxanse nas seguintes imaxes:



Acceso á aldea polo oeste



Acceso á aldea polo oeste



Terreos da zona oeste



Terreos da zona centro



Vista dos terreos zona sur.



Vista da aldea dende o noreste



Vista xeral da aldea dende o norte



Camiño na zona norte




Mimosas na zona norte



Vista xeral dende o sur



Terreos na zona sur



Terreos na zona oeste



Terreos na zona oeste



Vista xeral da zona oeste

14. PROPOSTA PARA A ORIENTACIÓN PRODUCTIVA DOS TERREOS

A análise do grao de abandono dos predios da zona de actuación, mediante o estudo realizado parecela a parcela, completándoo coas características climáticas, hidrolóxicas, edafolóxicas, de produción e limitacións; permitiu a xeración de fichas individuais descritivas nas que se identifican tanto os elementos que poderían condicionar un futuro cultivo, así como as producións potenciais que se atopan en parcelas similares na contorna.

Esta análise permite obter unha caracterización xeral da zona de estudo, tanto a nivel global par o conxunto do perímetro da aldea como a nivel da parcela, chegando a propoñer unha clasificación na que se establece unha zonificación óptima para o cultivo dunha especie principal e outra secundaria.

14.1. CARACTERIZACIÓN DOS TIPOS DE CULTIVO ANALIZADOS

Para analizar o uso para a posta en produción agrogandeira e forestal dos terreos, mediante o establecemento de actividades gandeiras ou cultivos agrarios e forestais para obtención de froito, establécese unha proposta de actividade principal e secundaria. Para isto, construíuse un sistema de información xeográfica (SIX) no que se verteron todos datos recompilados que se mencionaron nos apartados anteriores (datos bibliográficos, de gabinete e obtidos en campo), no cal a partir de diferentes técnicas de análise chegouse a propoñer un cultivo ou actividade principal e secundaria para cada unha das parcelas da aldea.

Debido ás condicións identificadas na zona afectada polo proxecto de Aldea Modelo de Parada dos Montes (A Pobra do Brollón), establécese como **ACTIVIDADE PRINCIPAL** o **aproveitamento gandeiro en extensivo**, ao existir amplas superficies poboadas con especies de frondosas autóctonas caducifolias e piñeirais a protexer, que facilitan o aproveitamento silvopastoral dos terreos.


Dentro das distintas posibilidades de gandería extensiva, contéplase principalmente o aproveitamento para vacún de carne así como tamén para gando porcino ou ovino e cabrún. Calquera das modalidades elixidas deberá ser en extensivo e terán prioridade aquelas explotacións que inclúan unha produción integrada e/ou en ecolóxico.

Ao tratarse dunha área con condicionantes medioambientais, deberase adecuar a carga gandeira e o plan de manexo da explotación de xeito que non afecte aos hábitats existentes. Como norma xeral a carga gandeira deberá ser inferior a 2³ UGM⁴/ha. Así por exemplo, para o gando vacún supón un límite de 2 vacas adultas/ha. Para o gando ovino e cabrún o límite será

³ Tómanse como referencia os valores de produción ecolóxica. Ver anexo IV do REGULAMENTO (CE) Nº 889/2008 DA COMISIÓN de 5 de setembro de 2008, Polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) nº 834/2007 do Consello sobre produción e etiquetado dos produtos ecolóxicos, con respecto a produción ecolóxica, o seu etiquetado e o seu control.

⁴ UGM = Unidade de Gando Maior. Ver conversión das diferentes categorías no anexo II do Regulamento (UE) nº 808/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014.

de 13 animais/ha. No caso de explotacións de porcino recoméndase non superar os 15⁵ porcos por hectárea e establecer varios recintos de manexo que permitan a rotación dos animais de tal xeito que posibilita un período de rexeneración mínimo de 45 días.



Imaxe 42. Actividade principal proposta

Para establecer unha actividade / cultivo secundario, realízase unha análise dos cultivos agrarios e forestais para a obtención de froito, *a priori* máis aptos, tendo en conta as condicións agronómicas da zona de actuación. Os cultivos analizados son os seguintes:


	SEMENTEIRA / PLANTACIÓN	PROFUNDIDADE	RANGO TEMPERATURA	RESISTENCIA XEADAS	PRECIPITACIONS	SOLO	PH	M.O.	SALINIDADE
CASTIÑEIRO	NOVEMBRO/ FEBREIRO	40-60 cm	-20º a 38ºC	MEDI A	400-900 mm	FRANCO	5,7-6	3-5 %	BAIXA

* Para o cultivo de oliveira a profundidade de solo efectiva debe ser de polo menos 60 cm, non se debe encharcar a leira no inverno, aínda que sexa por un curto período de tempo nin debe ter veas de auga que a atravesen ou acuíferos ou mananciais a pouca profundidade respecto da superficie. Ten que estar asollada sen masas forestais grandes nos lindes no caso de que sexan leiras de menos de 1 ha.

⁵ Real Decreto 1221/2009, de 17 de julio, por el que se establecen normas básicas de ordenación de las explotaciones de ganado porcino extensivo y por el que se modifica el Real Decreto 1547/2004, de 25 de junio, por el que se establecen las normas de ordenación de las explotaciones cunícolas.

Tendo en conta o anterior para o establecemento de **ACTIVIDADE SECUNDARIA**, conclúese que os terreos analizados presentan alta potencialidade para o cultivo de froiteiras e castiñeiros para froito.

Hai que ter en conta, que a zona de actuación presenta unha ampla superficie de masas forestais consolidadas (principalmente frondosas autóctonas e coníferas), en estas zonas, afectadas por figuras de protección ambiental, non se define ningún tipo de actividade secundaria, permitindo soamente aquelas actividades que sexan compatibles co mantemento e explotación de ditas masas.



Imaxe 43. Actividade secundaria proposta